

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11

SESION EXTRAORDINARIA DO 13 DE XULLO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

VOTO POR PROCEDIMENTO TELEMÁTICO

Silva Rego, María del Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte minutos do día TRECE de XULLO do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente A concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello, con convocatoria extraordinaria para o día 13 de xullo do presente ano ás 14,15 horas, cun único punto da orde do día.

Consonte co falado na Xunta de Voceiros procederemos en tres quendas: unha primeira do goberno de dez minutos, unha segunda e terceira quenda de dez minutos para cada un dos outros grupos e unha réplica do goberno de cinco minutos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Cuestión de orde, Sr. Alcalde. Os grupos políticos non imos ter capacidade de réplica? Coido que deberíamos ter capacidade de réplica exactamente igual que o goberno

A PRESIDENCIA: Faremos quendas de dez minutos cada grupo, despois cinco minutos e logo tres minutos para pechar o goberno.

ÚNICO(126). INICIO DE CONFLICTO NA DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL CONTRA DETERMINADOS PRECEPTOS DA LEI 4/2012, DO 12 ABRIL, DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO”,

ANTECEDENTES.- O Diario Oficial de Galicia do día 23 de abril de 2012, publicou a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, que tivo a súa entrada en vigor o día 23 de maio.

No expediente consta informe-proposta do **secretario xeral do Pleno** do Concello de Vigo de data 10 de xullo de 2012 que, conformado pola Alcaldía, transcrito literalmente di:

“LEI 4/2012, DO 12 DE ABRIL, DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

CONFLITO NA DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL

Lexislación aplicable

- Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.
- Estatuto de Autonomía do Galicia, do 6 de abril de 1981.
- Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Carta Europea de Autonomía Local, do 5 de outubro de 1985.
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.
- RD Lex. 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o TR da Lei Reg. das Fac Locais.
- Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.
- Decreto 282/2003, do 13 de xuño, Reg. de Org. e Func. do Consello Consultivo de Galicia.

Antecedentes

O Diario Oficial de Galicia do día 23 de abril de 2012, publicou a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, que tivo a súa entrada en vigor ao mes seguinte, o 23 de maio.

En virtude de contrato menor adxudicado ao catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Carlos III de Madrid, profesor Luciano Parejo Alfonso, no expediente consta documento de data 03.06.2012 denominado, “**DICTAMEN SOBRE LA CONSTITUCIONALIDAD DE LA LEY 4/2012, DE 12 DE ABRIL DEL ÁREA METROPOLITANA DE VIGO**”.

En virtude das conclusións nel expostas é propósito da Alcaldía, segundo orde de servizo dirixida a esta Secretaría Xeral de data 21 de xuño, que o Excmo. Concello de Vigo, ao abeiro do sinalado no Capítulo IV do Título IV da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do *Tribunal Constitucional -en adiante LOTC-* presente ante dito Tribunal “*Conflicto na defensa da autonomía local*”¹.

1 A data de hoxe, trece anos despois da entrada en vigor do novo proceso constitucional, se teñen interpostos tan só 21 “*Conflitos en defensa da autonomía local*”. Encóntanse resolto por sentenza dous (2), SS 240/2006 e 47/2008, a primeira, recaída nun conflito promovido por a cidade de Ceuta, cítase neste informe, a segunda en conflito promovido por diversos concellos que integraban a extinguida Área Metropolitana de L' Horta (Valencia) limitábase a declarar extinguido o conflito por perda de obxecto. Encóntanse concluídos por Auto de inadmisión -principalmente ausencia de lexitimación- outros sete (7) conflitos, noutros dous (2), ditouse Auto de extinción por perda sobrevida de obxecto. Actualmente atópanse en tramitación dez (10) conflitos promovidos polas seguintes entidades locais: Cidade de Melilla; o Concello de Xixón e outros dezanove concellos do Principado de Asturias; Concello de Santovenia de Pisuerga (Valladolid); Entidade Metropolitana de Barcelona e once concellos da provincia de Barcelona; Concello de Santander e outros dezaseis concellos da Comunidade Autónoma de Cantabria; Concello de Gomecello (Salamanca); Concello de Sant Antoni de Portmany (Illas Baleares); Concello de Torremontalbo (A Rioxa); Concello de Covaleda (Soria) e Concello de Santa Eulalia des

A orde sinala que a proposta de acordo de elevar ao Pleno do Concello para iniciar a tramitación do conflito e solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia debe formalizarse por esta Secretaría Xeral na súa condición de asesor legal dese órgano de goberno. A proposta, para maior coñecemento do Pleno de Vigo, acompáñase de informe xurídico ANEXO sobre a cuestión suscitada -presunta lesión da autonomía local pola Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo- sen prexuízo, no seu caso, dos fundamentos xurídicos que, con maior criterio, se expoñan no posterior planteamento do conflito, é dicir, no escrito de formulación do mesmo ante o Tribunal Constitucional.

Para iniciar a tramitación dos conflitos na defensa da autonomía local o artigo 75 ter. 2. da LOTC advirte que resulta necesario o acordo plenario das Corporacións Locais co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das mesmas.

O artigo 122.5.e).2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -en adiante LBRL- sinala que corresponderá ao secretario xeral do Pleno o asesoramento preceptivo deste órgano cando se trate de asuntos nos que se esixa unha maioría especial (maioría absoluta), previsión extensible ao Interventor Xeral do Concello por mor do indicado no artigo 4.1.h) do RD 1174/1987, do 18 de setembro. Cumprimentando tal mandato legal emítese o seguinte,

INFORME

I).- A Carta Europea de Autonomía Local, confeccionada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, foi ratificada polo Reino de España por Instrumento do 20 de xaneiro de 1988 (BOE 24 febreiro 1989). O seu artigo 11, relativo á protección legal da autonomía local, advirte que as entidades locais deben dispoñer dunha vía de recurso xurisdiccional ao fin de asegurar o libre exercicio das súas competencias e o respecto aos principios de autonomía local consagrados na Constitución ou na lexislación interna.

No noso país, coa orixe nas “Bases para a negociación do Acordo para o desenvolvemento do Goberno Local”, aprobadas polo Goberno o 29 de xullo de 1997, modificouse, entre outras disposicións legais, a LOTC introducindo, nos artigos 75 bis a 75 quinquies, un novo proceso constitucional denominado “*Conflito na defensa da autonomía local*” que permite a certas entidades locais -as que dispoñen de autonomía garantida pola Constitución (municipios, provincias e illas)- recorrer as leis estatais e autonómicas que lesionen/vulneren a autonomía municipal constitucionalmente garantida.

Esta substancial modificación operouse mediante a Lei Orgánica 7/1999, do 21 de abril, que, como sinala na súa Exposición de Motivos, perfecciona no noso ordenamento xurídico a previsión do artigo 11 da Carta Europea ao estableceren un novo procedemento que abre unha vía específica na defensa da autonomía local perante o Tribunal Constitucional e que permite a este desenvolver a interpretación

Riu (Illas Baleares).

da garantía constitucional da tal autonomía no marco da distribución territorial do poder. En definitiva, en palabras do propio Tribunal: "(...)este novo procedemento ven reforzar os mecanismos na defensa da autonomía local(...)" S. 240/2006, do 20 de xullo, F.2.

II).- En canto ás "pretensións do conflito", é de destacar que este proceso non é propiamente impugnador das leis, senón reivindicativo da autonomía local vulnerada por esas leis, polo que a pretensión procesual típica será a declaración de que a Constitución garante un concreto poder ou autonomía como necesariamente pertencente ao municipio, provincia ou illa, pretensión que pode acompañarse con outras, coma a de que o Tribunal se autocuestione, nun segundo proceso, a validez constitucional da Lei, artigo 75 quinquies.6., ou que se anulen concretas actuacións realizadas ao abeiro da lei lesiva da autonomía local, artigo 75 quinquies.5, trátase, en todo caso, de pretensións complementarias respecto da principal que é declarativa dun poder ou competencia (autonomía) das entidades promotoras do conflito.

III).- Resulta necesario concretar o "canon de axuízamento" neste moi especial proceso constitucional e para iso é definitiva a sentenza do TC 240/2006, do 20 de xullo, ditada precisamente na primeira e única ocasión na que o Tribunal tivo ocasión de pronunciarse expresamente nun conflito na defensa da autonomía local interposto pola Cidade de Ceuta contra unha lei estatal, a sentenza no seu F.8 manifesta o seguinte:

"(...)Admitida la posibilidad de que la ciudad de Ceuta invoque sus competencias estatutarias en el conflicto en defensa de la autonomía local, debemos determinar si los dos párrafos introducidos por el art. 68 de la Ley 55/1999 ...impugnados en este proceso, inciden o no en la esfera competencial de la ciudad en materia de planeamiento urbanístico hasta el punto de vulnerar su «autonomía local constitucionalmente garantizada». Éste constituye el canon específico del conflicto en defensa de la autonomía local (arts. 75 bis.1 y 75 quinquies.5 LOTC) que debe aplicarse para enjuiciar las normas impugnadas a fin de declarar «si existe o no vulneración» de aquélla. Resulta obligado, pues, delimitar el contenido y la extensión de este canon.

"La Ley Orgánica 7/1999 no contiene ningún precepto relativo al parámetro de control que debe aplicarse en los conflictos en defensa de la autonomía local, aun cuando el correspondiente canon o criterio valorativo puede ser deducido de la doctrina jurisprudencial contenida en las resoluciones en las que este Tribunal ha abordado el alcance de la garantía que la Constitución otorga a la autonomía municipal y provincial (arts. 137, 140, 141, 142 CE).

"(...)De acuerdo con los principios expuestos, el Tribunal ha precisado el valor atribuible como canon de enjuiciamiento a las normas dictadas por el legislador estatal (LBRL) y su relación con la garantía constitucional de la autonomía local (art. 137 CE), cuestiones que han sido abordadas en distintas resoluciones (principalmente en las SSTC 27/1987, de 27 de febrero, F.4; 214/1989, de 21 de diciembre, F 5; 109/1989, de 21 de mayo, F.12; 11/1999, de 11 de febrero; y 159/2001, de 5 de julio, F.4). Los pronunciamientos efectuados, sin embargo, no

permiten extraer conclusiones definitivas sobre el valor de la Ley de las bases del régimen local como canon de enjuiciamiento, y en todo caso no son trasladables al conflicto en defensa de la autonomía local.

“Tal conclusión se impone, en primer lugar, porque todos ellos han recaído en procesos de declaración de inconstitucionalidad en los cuales se enjuiciaba la conformidad o disconformidad de Leyes autonómicas, o de la misma Ley de las bases del régimen local, con la Constitución esencialmente por motivos competenciales. De ahí que el Tribunal haya podido acudir en alguna ocasión a la idea de «bloque de constitucionalidad» (art. 28.1 LOTC) para decidir si una concreta disposición se adecua o no al orden constitucional de distribución de competencias en materia de «régimen local», entendido como «régimen jurídico de las Administraciones Locales» (STC 214/1989, de 21 de diciembre, F.2), lo cual no equivale a «autonomía local» (art. 137 CE). Y ello «porque los imperativos constitucionales derivados del art. 137 CE, por un lado, y del 149.1.18 CE, por otro, no son coextensos» (STC 11/1999, de 11 de febrero, F.2).

“En segundo lugar la referida doctrina no es trasladable a este proceso porque, a pesar de reconocer puntualmente «la singular y específica naturaleza y posición de [la Ley de las bases del régimen local] en el Ordenamiento jurídico» (STC 259/1988, de 22 de diciembre, F.2), de la jurisprudencia examinada no se concluye que la Ley reguladora de las bases del régimen local constituya siempre canon de validez de la Ley, estatal o autonómica, a la hora de enjuiciar normas que desarrollen aspectos concretos de la autonomía local. De la Ley estatal no lo constituye porque la Ley de las bases del régimen local, más allá de la referida naturaleza singular, y de su carácter básico ex art. 149.1.18 CE, no ocupa en nuestro Ordenamiento una posición distinta a las demás Leyes ordinarias del Estado, que pueden por tanto establecer disposiciones contrarias a la Ley de las bases del régimen local, las cuales deberán ser consideradas modificaciones legislativas pero no Leyes inconstitucionales. **De la Ley autonómica sólo podría ser canon de validez la Ley de las bases del régimen local en aquellos aspectos enraizables directamente en los arts. 137, 140 y 141 CE.** En efecto, tal como declaró la STC 159/2001, de 5 de julio, «Sólo aquellos extremos de la LBRL que puedan ser cabalmente enraizados de forma directa en los arts. 137, 140 y 141 CE, **de cuyo contenido no representen más que exteriorizaciones o manifestaciones, forman parte del contenido de la autonomía local constitucionalmente garantizada,** mientras que los que se refieran a aspectos secundarios o no expresivos de ese núcleo esencial en el que consiste la garantía institucional, que son mayoría en el seno de la LBRL y que se incardinan, desde el punto de vista competencial, en el art. 149.1.18 CE, tienen una distinta naturaleza desde el punto de vista constitucional y ordinamental» (F.4).”

En síntesis, con precisión el Tribunal Constitucional avanza un criterio determinante para la admisión de futuros conflictos e advierte que los parámetros del "conflicto local" y del "recurso de inconstitucionalidad" no son coincidentes pues los imperativos constitucionales derivados del art. 137 CE, por una banda, y del 149.1.18 CE, por otra, no son coextensos.

En efecto, mentres que o "recurso de inconstitucionalidade" admite o axuízamento de se unha lei autonómica infrinxiu a Constitución ou -alternativamente- unha lei básica estatal, no "conflito local", pola súa especial regulación procesual, a Constitución é o parámetro ou canon de inconstitucionalidade, parámetro que, cando tal "conflito" é formulado ante unha lei autonómica, -que é o noso suposto-pode e debe ampliarse os preceptos/aspectos da lexislación básica do réxime local sempre e cando estes se encontren "enraizados directamente nos artigos 137, 140 e 141 da CE"; sempre e cando tales aspectos "representen exteriorizacións ou manifestacións dos artigos citados".

A distinción que con indubidable acerto realiza o Constitucional é substancial para o proceso que agora pretendemos instrumentar, a Lei do Parlamento de Galicia 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, non é unha "lei estatal", obvio, razón abondo para entender que no posible conflito a formular se deba invocar o denominado "bloque da constitucionalidade", a lexislación básica de réxime local, se ben coas cautelas de enraizamento/arraigamento mencionadas.

A sentenza, no segundo parágrafo transcrito, cita expresamente o artigo 142 como precepto no que ese Tribunal se ten reiteradamente apoiado para valorar -abordar- o alcance da garantía que a Constitución recoñece á autonomía local, razón suficiente para non esquecer que o artigo 142, "autonomía financeira", complemento, perfección, e consecuencia do 137, "autonomía local", é un precepto que tamén ten que ser obxecto de estudo e consideración nese necesario enraizamento, pois non pode obviarse que o principio de autonomía territorial ofrece tamén unha vertente económica relevante, xa que aínda cando teña carácter instrumental, a amplitude dos medios determina a posibilidade de alcanzar os fins, STC 135/1992, do 5 de outubro, F.8. A autonomía dos entes locais está, polo tanto, estreitamente ligada á súa suficiencia financeira, por canto esixe a plena dispoñibilidade deses medios para poder exercer sen condicionamentos indebidos e en toda a súa extensión, as funcións que legalmente lles foron encomendadas, SS 179/1985 do 19 de decembro, F.3; 63/1986, do 21 de maio, F.11; 201/1988, do 27 de outubro, F.4, 96/1990, do 24 de maio, FF.7 e 14; 13/1992, do 6 de febreiro, F.6; 132/1992, do 28 de setembro, F.8; 237/1992, do 15 de decembro, F.6; 331/1993, do 12 de novembro, FF.2 e 3; 68/1996, do 18 de abril, F.10; e 233/1999, do 16 de decembro, é dicir, para posibilitar e garantir, en definitiva, o exercicio da autonomía constitucionalmente recoñecida SS 96/1990, do 24 de maio, F.7; 331/1993, do 12 de novembro, F.2B; 233/1999, do 16 de decembro, F.22 e ATC 382/1993, do 1 de decembro, F.4.

En caso dun "conflito en defensa da autonomía local" o Tribunal Constitucional na súa sentenza debe declarar "se existe ou non vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, determinando, segundo proceda, a titularidade da competencia controvertida (sic)", art.75 quinquies.5 LOTC, sen outro canon ou parámetro de conflito, xa se dixo, que a "autonomía local constitucionalmente garantida", autonomía que a Constitución se limita a recoñecer e declarar, "autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses", art. 137.

Este é o reducido criterio valorativo con que, no seu caso, o Consello Consultivo de Galicia, no seu análise xurídico, e finalmente o Tribunal Constitucional debe

contrastar a Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo co fin de declarar se existe ou non vulneración da autonomía local. A singularidade deste peculiar proceso constitucional descansa -di a STC 240/2006- no feito de que a Lei Orgánica 7/1999 non contén ningún precepto relativo ao parámetro de control que debe aplicarse no proceso, ***“...canon o criterio valorativo que habrá de ser deducido de la doctrina jurisprudencial contenida en las resoluciones en las que este Tribunal ha abordado el alcance de la garantía que la Constitución otorga a la autonomía municipal y provincial (arts. 137, 140, 141, 142 C.E)”***

A reconstrución do parámetro de control a partir da copiosa xurisprudencia constitucional non é tarefa sinxela, tampouco o é defender/protexer a autonomía local en base exclusivamente aos catro preceptos constitucionais citados, en parte abstractos, en parte indeterminados. Agora ben, ningunha destas restricións, ningunha destas limitacións, é obstáculo para confiar na admisión e estimación dun eventual "Conflito en defensa da autonomía local" sobre a base dos fundamentos que se expoñen no ditame do catedrático e no ANEXO a este informe-proposta, pois as razóns que neles se esgrimen reconducen á defensa e protección da autonomía local, e o precepto da LBRL aducido en varios deles como canon de validez desa autonomía local, o artigo 43 da LBRL, é perfectamente incardinable, enraizable, na garantía institucional da autonomía local na súa faceta institucional, isto é, na referida á organización e funcionamento dos entes locais. En efecto, o bloque integrado polos artigos 42 a 44 da LBRL e o artigo 153 do TRLHL, desenvolven a previsión contida no apartado 3º do artigo 141 da Constitución que, lembremos, di: "Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes das provincias", agrupacións, dixémolo xa, que inevitablemente poden reordenar as competencias municipais, agora ben, sempre e cando tal reordenación responda a unha razón suficiente, STC 32/1981, do 26 de xullo.

IV).- En canto a "lexitimación dos suxeitos" do conflito, o artigo 75 ter. 1. e a Disposicións adicionais terceira 1. e carta 1. da LOTC lexitima aos municipios, provincias e illas, e Xuntas Xerais e Deputacións Forais dos Territorios Históricos vascos aínda que con lexitimación restrinxida, de modo que un único municipio, unha única provincia ou unha única illa carecen dela, salvo, claro está, sexan destinatarios exclusivos da lei.

Cando a lei afecte a máis dun municipio, se esixe para a interposición do conflito a concorrencia de vontades de polo menos un sétimo dos existentes no ámbito territorial de aplicación que representen, como mínimo, un sexto da poboación oficial dese ámbito, artigo 75.ter.1.b), en suma, é preciso unha pluralidade de entidades locais actoras, un litisconsorcio activo.

No caso da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, o número de municipios existentes no seu ámbito territorial de aplicación é de catorce (14) -os metropolitanizados- sendo a poboación de todos eles, segundo datos oficiais do INE á data de 1 de xaneiro de 2011², de 480.459 persoas, isto quere dicir que para o

2 O Real Decreto 1782/2011, do 16 de decembro, declara oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión dos padróns municipais referidas ao 1 de xaneiro de 2011. O artigo 2 do RD sinala que o INE procederá á publicación das cifras oficiais de cada municipio. Achégase, como documento nº 1, publicación da páxina web do INE referida ao Concello de Vigo.

planteamento do conflito faise necesario o acordo de polo menos dous (2) municipios dese ámbito e que estes deben integrar, tamén polo menos, 80.077 habitantes. A poboación da cidade de Vigo á data citada é de 297.241 persoas, polo que o límite de poboación esixido alcánzase máis que amplamente. Non obstante resultará necesario, ao fin de alcanzar a capacidade procesual necesaria, que un dos restantes trece Concellos do ámbito territorial da Área coincida co Concello de Vigo no seu lexítimo obxectivo de defensa e custodia da autonomía local constitucionalmente garantida.

Dado que se trata dun único proceso constitucional, dun só escrito de interposición, dunha única fundamentación e dunha única pretensión, nada impide que algún dos restantes trece municipios interesados na defensa da autonomía local, no uso do estipulado nos artigos 7.3 e 22.2.g) da LBRL (delegación interadministrativa para o exercicio dunha competencia), adopten o acordo de interposición outorgando a súa representación ao Concello de Vigo, delegando, tamén no de Vigo, o planteamento e a formulación do conflito.

V).- O artigo 75. ter. da LOTC refírese á existencia dun “procedemento administrativo previo” ao planteamento do conflito perante o Tribunal Constitucional que require dun “acordo de inicio de tramitación” adoptado polo Pleno das Corporacións Locais co voto favorable da maioría absoluta legal de membros das mesmas. Pola súa parte o artigo 75.ter.4. advirte que, “cumprido o requisito anterior e de maneira previa á formalización do conflito, deberá solicitarse, con carácter preceptivo pero non vinculante, ditame do Consello do Estado ou órgano consultivo da correspondente Comunidade Autónoma”. A solicitude do ditame ten que ser no prazo dos tres meses seguintes ao día da publicación da lei que presuntamente lesiona a autonomía local, sendo no noso caso a data límite o próximo 23 de xullo.

A solicitude de ditame debe materializarse polo Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, artigo 12.2 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, e debe ser emitido por este superior órgano no prazo dun (1) mes a partires do momento da recepción da solicitude; transcorrido este prazo entenderase que non existe obxección ningunha á cuestión plantexada, artigo 18.1 da mesma Lei. Non obstante mediante resolución motivada, o Consello poderá acordar a ampliación do prazo por un período que non excederá da metade do inicialmente sinalado, artigo 54 do Decreto 282/2003, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

VI).- Emitido o ditame, o artigo 75 quarter.2. indica que dentro do mes seguinte ao da súa recepción debe realizarse o “planteamento do conflito” perante o Tribunal Constitucional.

A exigua regulación procedemental do conflito inclúe un trámite de admisión onde o Tribunal tanto pode admitir a trámite o conflito (mediante Providencia), coma inadmitilo (por Auto motivado). As causas de inadmisión son amplas e tanto teñen que ver con requisitos procesuais como co fondo do asunto “por falta de lexitimación ou outros requisitos esixibles e non subsanables, ou cando estivera

notoriamente infundada a controversia suscitada”, di o artigo 75 quinquies. 1. da LOTC. É insubsanable, ao noso xuízo, todo requisito procesual que non se cumpre no momento de admisión a trámite; é subsanable todo requisito procesual cumprido pero non debidamente acreditado/documentado nese momento. Contra o Auto de inadmisión cabe a interposición dun recurso de súplica non suspensivo no prazo máximo de tres (3) días desde a súa notificación, artigo 93.2 LOTC.

Plantexado o conflito existe un prazo de vinte (20) días para que os órganos executivos (Consello da Xunta) ou lexislativos (Parlamento) da Comunidade Autónoma se personen no proceso e, no seu caso, formulen alegacións, artigo 75 quinquies.2., LOTC. Finalmente o artigo 75 quinquies.4. contempla que o Tribunal poida solicitar das partes “cantas informacións, aclaracións ou precisións xulgue necesarias para a súa decisión”. O Tribunal, segundo sinala o último precepto citado, resolverá dentro dos quince (15) días seguintes ao termo do prazo de alegacións ou do que, no seu caso, fixe para as informacións, aclaracións ou precisións antes aludidas, prazo que, dada a carga de traballo do Tribunal, ten resultado de imposible materialización³.

A sentenza que pon fin ao proceso é peculiar pois esta, a teor do sinalado no artigo 75 quinquies.5., “declarará se existe, ou non, vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, determinando, segundo proceda, a titularidade da competencia controvertida e resolverá, no seu caso, o que procedese sobre as situacións de feito ou de dereito creadas en lesión da autonomía local”. Como xa se ten dito, a declaración de inconstitucionalidade ou nulidade dos preceptos da Lei que se estime lesionan/violentan a autonomía municipal só se producirá nun posible proceso posterior que decida autoplantexarse o propio Tribunal Constitucional conforme determina o artigo 75 quinquies.6. da LOTC. Non obstante debemos entender que, declarado mediante sentenza estimatoria que determinados preceptos da Lei controvertida no conflito vulneran a autonomía local, a eficacia de tal resolución -que ten plenos efectos e vincula aos poderes públicos- posibilitará que o Concello de Vigo, e aqueles outros que participen no litisconsorcio activo, actúen conforme á concreta competencia ou poder que lles poida recoñecer a sentenza desvinculándose do imperio e da forza da lei, producírase, en consecuencia, unha inaplicación de tales preceptos.

Proposta de acordo

Considerando o Ditame de data 03.06.2012 que consta no expediente e conforme se fundamenta no ANEXO a este informe-proposta, esta Secretaría Xeral do Pleno, estima que determinados artigos e disposicións da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, lesionan e vulneran a autonomía local constitucionalmente garantida.

Na súa virtude, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar a tramitación do procedemento previsto nos artigos 75 bis e

³ A carga de traballo do Tribunal Constitucional pódese consultar nas súas Memorias anuais que conteñen expresivos datos. O número de recursos de amparo que tiveron ingreso no ano 2011 foi de 7.098, no ano 2006 foi de 11.471, con estas cifras é lóxico o atraso acumulado nos “Conflitos na defensa da autonomía local”.

seguintes da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, coa finalidade de interpoñer *Conflicto en defensa da autonomía local* fronte aos preceptos da Lei 4/2012, do 2 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, que se sinalan na conclusión do ANEXO a este informe-proposta.

SEGUNDO.- Instar á Alcaldía a solicitude ao Consello Consultivo de Galicia do Ditame que se menciona no artigo 75 ter.3. da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional mediante o traslado do presente acordo e copia compulsada do expediente completo incoado.

TERCEIRO.- Instar á Asesoría Xurídica do Concello o exercicio da acción xudicial mencionada plantexando e formalizando, a tales efectos, perante o Tribunal Constitucional o correspondente escrito de conflito dentro do mes seguinte á recepción do Ditame do Consello Consultivo de Galicia, sen prexuízo de facultar á Alcaldía para a designación, se así o estima conveniente, de avogado colexiado de recoñecido prestixio que, dado o nivel de especialización do asunto, asuma a representación, postulación e defensa dos intereses municipais.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á totalidade dos Concellos existentes no ámbito territorial determinado pola Lei 4/2012, do 2 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, ao obxecto de que, previa a súa consideración, adopten no seu caso, polos seus respectivos órganos plenarios, acordo expreso de interposición de *Conflicto en defensa da autonomía local* en base aos fundamentos xurídicos expostos no informe ANEXO a este acordo outorgando, para o necesario plantexamento conxunto do conflito, a súa representación -apoderamento- ao Concello de Vigo que incluírá a solicitude do Ditame expresado no apartado segundo deste acordo, e delegando, tamén no de Vigo, o seu plantexamento e formulación.

QUINTO.- Entender, aos efectos procesuais oportunos, aceptadas as representacións e delegacións que, en virtude do sinalado no anterior apartado, sexan acordadas por outros concellos.

ANEXO

FUNDAMENTOS XURÍDICOS PARA O PLANTEXAMENTO E INTERPOSICIÓN DUN CONFLITO NA DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL

I

CONSIDERACIÓN PRELIMINAR. AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS DE RÉXIME LOCAL E A AUTONOMÍA MUNICIPAL

A autonomía territorial é unha institución constitucionalmente garantida. En efecto, a nosa Norma Fundamental define para ela un status que permite diferenciala da estrita descentralización administrativa, principio organizativo dos poderes públicos administrativos previsto no artigo 103 da CE. Tal status carece de homoxeneidade estando desagregado en **dous niveis** cualitativamente distintos conforme precisa

o Tribunal Constitucional dende a pioneira sentenza 4/1981, do 2 de febreiro, F.3, ratificada inmediatamente pola sentenza 25/1981, do 14 de xullo, F.3, doutrina logo reiterada ata a saciedade.

Nun primeiro nivel achamos as "nacionalidades" e "rexións", únicos poderes territoriais que o constituínte menciona expresamente no seu Título Preliminar, artigo 2 CE. Estes poderes articulados en Comunidades Autónomas gozan de "garantía constitucional", pois é o propio texto constitucional o que, coa ambigüidade que se queira, delimita e prescribe os elementos configuradores do ámbito da autonomía destas entidades, así o afirmou o Tribunal Constitucional na súa sentenza 100/1984, do 8 de novembro, F.3.

O segundo nivel corresponde ás entidades locais a cuxa disciplina a Constitución dedica, á marxe do seu artigo 137, tan só tres preceptos, os artigos 140, 141 e 142. Nestes, o constituínte límitase a recoñecer a súa autonomía, impoñer as bases dun modelo de organización democrática e afirmar a súa autosuficiencia financeira, ofrecendo, deste modo, unha especial protección destas entidades a través da denominada "*garantía institucional*", técnica á que, sen mencionala expresamente, o Tribunal outorgou carta de natureza en sentenza 32/1981, do 28 de xullo, o que faría a ulterior sentenza 170/1988, do 29 de setembro, afirmando que a orde xurídica política instaurada pola Constitución garante a existencia de certas institucións ás que se considera elementos esenciais e cuxa preservación se xulga indispensable para asegurar os principios constitucionais, establecendo un núcleo indispoñible para os lexisladores, en canto que as entidades locais "son elementos arquitectónicos indispensables para a orde constitucional", sentenza 32/1981, do 28 de xullo, F.3, conclusión reiterada na sentenza 104/2000, do 13 de abril, F.4, ao proclamar que, "...el principio de autonomía (para a xestión dos respectivos intereses) que preside a organización territorial do Estado configura un dos piares do ordenamento constitucional".

A doutrina sobre a "**garantía institucional da autonomía local**", ponderando a súa imaxe característica, foi expresa e reiteradamente asumida polo Tribunal. De conformidade con ela, malia ser proclamada con carácter xeral tan só no artigo 137 CE en favor de "Municipios" e "Provincias" e recibir unha caracterización certamente superficial nos seus artigos 140 e 141, respectivamente -admitindo o último deles a singularidade das "Illas" nos arquipélagos balear e canario-, pode afirmarse que a "autonomía local" constitúe unha institución xurídica garantida constitucionalmente ante todos os poderes públicos constituídos, tendo en conta que a todos eles -comprendendo, obvio é, o poder lexislativo estatal e os poderes lexislativos autonómicos- vincula o texto constitucional conforme advirte o teor do artigo 9.1. da Norma Fundamental.

Dado o carácter normativo da Constitución, o lexislador debe respectar a "imaxe característica" ou o "contido esencial" da devandita institución, integrada por aqueles elementos desta sen os cales sería irrecoñecible para a comunidade en cada tempo e lugar. E é que a garantía institucional da autonomía local non asegura ás entidades locais un ámbito competencial concreto, senón a súa **preservación en termos recognoscibles para a imaxe conxuntural que da institución ten a conciencia social**, razón pola cal esta garantía é descoñecida

cando tal autonomía local é limitada de modo que se lle priva das súas posibilidades de existencia para converterse nun sinxelo *nomen iuris*.

Para a correcta apreensión da devandita doutrina compele ter presente a superación de determinadas posicións históricas maximalistas, de orixe francesa, que trataron de blindar a autonomía local definindo un ámbito exclusivo da súa competencia referido cabalmente aos asuntos de interese local. E é que aquelas concepcións, paradoxalmente, comportaron un efecto contrario, isto é, a redución da competencia local, toda vez que no marco dun Estado complexo -o noso éo- a regra distributiva é a compartición competencial, de forma que, pola súa interconexión, poucos son os asuntos ou políticas públicas que poden referirse en bloque e en exclusiva a un ámbito territorial definido, menos aínda ao local, dada a insuficiencia dos entes deste xénero -por razóns de economía de escala e coa excepción das grandes concentracións urbanas- para a eficiente planificación e xestión de boa parte dos servizos propios das sociedades postindustriais desenvolvidas.

A anterior constatación determinou que o Tribunal Constitucional se inclinase moi cedo por definir a autonomía local a partir da idea da **participación**. Así, xa dende a capital sentenza 4/1981, do 2 de febreiro, logo de recordar que a garantía constitucional da autonomía dos entes territoriais do artigo 137 CE "é en función do criterio do respectivo interese", o Tribunal precisou inmediatamente que, "a teoría dos intereses naturais dos entes locais que, en razón da crecente complexidade da vida social esvaeu a liña delimitadora dos intereses exclusivamente locais, abocaría nun extremado centralismo". A partir da devandita afirmación a Sentenza 4/1981 conclúe: "a autonomía local ha de ser entendida como un dereito da comunidade local á participación, a través de órganos propios, no goberno e administración de cantos asuntos lle atinxen".

Afirmouse atinadamente que é a comunidade xurídica viva a chamada a delimitar en cada momento os contidos que forman parte do "contido esencial" desta institución, que, como xa dixemos, resulta indispoñible polos poderes constituídos e, por ende, polo lexislador. Agora ben, pola propia esencia dun Estado democrático representativo -ex artigos 1.1, 23.1, 66.1 e 152.1 CE- a expresión positiva e formalizada desta comunidade xurídica osténtaa o lexislador, que representa ao pobo, conforme proclama a CE. Aínda que poida parecer en principio paradoxal, do dito resulta que é a Lei a que debe definir e desenvolver a institución, definición e desenvolvemento que ten de realizarse con pleno respecto ao seu contido esencial e, obvio é, baixo o control do Tribunal Constitucional conforme á función de supremo intérprete da Constitución que lle corresponde na economía do sistema de órganos constitucionais definida polo poder constituínte.

A decidida afirmación constitucional do principio de autonomía comportou unha profunda transformación no noso ordenamento determinada polo establecemento en cada Comunidade Autónoma dun órgano representativo e lexislativo propio co consecuente recoñecemento de dous estratos lexislativos -o do Estado e o atribuído ás Comunidades Autónomas, ex artigos 66.1 e 152.1 CE-. Neste escenario resulta preciso atribuír, ou de forma máis concreta distribuír, entre tales estratos lexislativos a competencia lexislativa en materia de réxime local.

A referida distribución competencial non pode ser, non obstante, igualitaria ou indiferenciada. E é que non pode ignorarse que os entes locais son Administracións Públicas, agora ben, a diferenza dos restantes entes territoriais que conforman a organización dun sistema pluralista e policéntrico, son entes pura ou exclusivamente administrativos, carentes de poder lexislativo e xudicial, sendo a súa función enteiramente executiva, isto é, de goberno e administración dos asuntos do seu respectivo interese. **Autogoberno** que non pode, en absoluto, identificarse cunha mera descentralización administrativa pois as entidades locais son un elo -un eixo- da organización territorial do Estado, son entidades públicas constituídas sobre unha base representativa e organizadas a partir dun **principio democrático de xestión**.

En suma, **autogoberno, organización democrática e participación nos asuntos de interese local son os piares que sustentan conxuntamente a autonomía local** expresando a súa dimensión organizativa, funcional e competencial respectivamente, a eles alude a doutrina constitucional xa citada segundo a cal esta autonomía radica no dereito de "participación, a través de órganos propios, en el goberno y administración de cuantos asuntos le atañen".

Neste marco só ao Estado, nos termos do título competencial afirmado polo artigo 149.1.18 CE, corresponde establecer «as bases do réxime xurídico das Administracións públicas». No exercicio do referido título competencial o lexislador estatal cumpre cunha específica función constitucional, cal é a de configurar a imaxe característica da autonomía local, perfilando as súas liñas mestras de forma xeral e indispoñible para os diferentes lexisladores autonómicos e aínda para o propio lexislador estatal, por canto respecta á lexislación ordinaria e sectorial.

O anterior xustifica que a vixente lexislación estatal, esencialmente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LBRL) constituía a "norma institucional básica común a todas as entidades locais" correspondendo a esta, con ese carácter de lexislación básica, definir o círculo de intereses das distintas entidades locais e, polo tanto, o seu ámbito competencial, lexislación que, de conformidade coa sentenza 259/1988, do 22 de decembro, F.2, asume "unha singular e específica natureza e posición no ordenamento xurídico".

Esta é a función constitucional que corresponde á LBRL, función que a dota dunha especial irresistibilidade conforme o propio lexislador, consciente do seu rango normativo, quixo recoñecer de forma expresa na súa Exposición de Motivos ao afirmar que "desenvolve a garantía constitucional da autonomía local, función ordinamental que, ao estarlle reservada ou, o que é igual, vedada a calquera outras normas, presta á súa posición no ordenamento no seu conxunto unha vis específica, non obstante a súa condición de Lei ordinaria".

A devandita función, malia ser discutida en sede doutrinal, viuse confirmada pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional, sirva recordar ao efecto dous pronunciamentos capitais. En primeiro lugar a sentenza 25/1987, do 26 de febreiro, resolución na que o Alto Tribunal xa afirmou que determinados contidos da Lei básica "constitúen un elemento esencial da devandita garantía constitucional" -en

referencia, claro está, á da autonomía local-; posteriormente na decisiva sentenza 214/1989, do 21 de decembro, pola que se resolveron diversos recursos de inconstitucionalidade deducidos contra a propia LBRL, o Tribunal afirmou de forma expresa a doutrina da función constitucional declarando que no artigo 2.1 da LBRL mantense e conxugase, en efecto, un axeitado equilibrio no exercicio da función constitucional encomendada ao lexislador estatal de garantir uns mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, xa que non se descende á fixación detallada de tales competencias, pois o propio Estado non dispón de todas elas".

A doutrina constitucional afirma a competencia estatal, ex art. 149.1.18ª CE, para ditar as bases do réxime xurídico dos entes locais, perfilando así a imaxe característica da autonomía dos que, entre eles, están constitucionalmente garantidos, no ben entendido de que o devandito título competencial alcanza tanto ao plano organizativo e funcional como tamén á delimitación competencial, habilitándoo, en consecuencia, para fixar as competencias mínimas e indispoñibles a favor de tales entes. A devandita delimitación é concretada, en esencia, polos artigos 2, 25, 26, 36 e 86 da LBRL.

Convén lembrar dous extremos.

Dun lado, que a autonomía municipal constitucionalmente garantida implica, inequivocamente, a capacidade xurídica plena das corporacións locais para o cumprimento dos fins propios -ex artigo 11 da LBRL-, que non é máis que a xestión do círculo de intereses da colectividade local. Esta capacidade xurídica concrétese mediante a atribución legal das competencias correspondentes para a devandita xestión dos intereses respectivos, e artículase mediante un mandato ao lexislador, estatal e autonómico, no sentido de garantir a asignación aos entes locais dun mínimo de atribucións no que se manifestan os intereses respectivos. A sentenza do Tribunal Constitucional 159/2001, do 5 de xullo, F.4, respecto da liberdade de configuración normativa do lexislador e os seus límites, precisa: **"So pena de incorrer en inconstitucionalidade por vulneración da garantía institucional da autonomía local, o lexislador ten vedada toda regulación da capacidade decisoria dos entes locais respecto das materias do seu interese que se sitúe por debaixo dese albor mínimo que lles garante a súa participación efectiva nos asuntos que lles atinxen e, por conseguinte, a súa existencia como reais institucións de autogoberno"**.

Doutro lado, os termos da sentenza do Tribunal Constitucional 32/1981, do 28 de xullo, F.3, en mérito da cal "non cabe establecer *a priori* cal é o límite constitucional desta reestruturación das autonomía locais; pero as autonomía garantidas non poden ser abolidas, pois a protección que a Constitución lles outorga desborda con moito da sinxela "remisión á Lei ordinaria en orde á regulación das súas competencias". O lexislador pode diminuír ou acrecentar as competencias hoxe existentes, pero non eliminar por enteiro e, o que é máis, **o debilitamento do seu contido só pode facerse con razón abondo e nunca en dano do principio de autonomía**, que é un dos principios estruturais básicos da nosa Constitución".

Neste breve marco de consideracións xerais debe realizarse unha última

observación: a relativa ao "ámbito subxectivo da garantía institucional da autonomía local". Como é sabido, a Constitución só alude de forma expresa a tres tipos de entes locais: o "Municipio", a "Provincia" e a "Illa". Respecto dos dous primeiros proclama a súa autonomía no artigo 137, calidade que resalta para o primeiro no artigo 140 ao utilizar a expresiva forma verbal «garante». Con tan conciso marco constitucional, a delimitación dos entes protexidos polo manto da garantía institucional da autonomía local foi obxecto dun dilatado debate en sede doutrinal.

Obvio é que a inclusión no seu ámbito do "Municipio" non admitía ningunha dúbida, ponderando a solemne proclamación efectuada polo mencionado artigo 140 CE. O Tribunal Constitucional tampouco vacilou en equiparar a estes efectos á "Provincia", dende a xa citada Sentenza 32/1981, do 28 de xullo. A partir destas premisas a LBRL procedeu a establecer un criterio tipolóxico, diferenciando netamente dúas categorías de entes locais.

Dun lado, a Lei recoñece a existencia dos entes locais "xerais" ou de "existencia necesaria", por encontrar o seu fundamento directo no texto constitucional aos cales atribúe, tamén directamente, a condición de «entidades locais territoriais». Nos termos do artigo 3.1, os devanditos entes son, ademais do Municipio, a Provincia e a Illa nos arquipélagos balear e canario.

O artigo 1.1 da LBRL prescribe que «Os Municipios son Entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividades»; recoñecendo o artigo 1.2 que Provincias e Illas, en relación co Municipio, «gozan, así mesmo, de idéntica autonomía para a xestión dos intereses respectivos», razón pola cal, para os efectos operativos, o artigo 4.1 lles confire todas as potestades administrativas superiores típicas.

Por fin, no que aquí interesa, a Constitución prevé outras entidades locais intermedias xa non necesarias senón dispoñibles polo lexislador: "Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da provincia". Esta previsión constitucional foi desenvolvida nos artigos 42 a 44 LBRL, que estableceu os seguintes tipos ou categorías posibles de entes locais intermedios:

- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios cuxas características determinen intereses comúns precisados dunha xestión propia ou demanden a prestación de servizos do devandito ámbito, que poden crear os lexisladores autonómicos, de acordo co disposto nos seus respectivos Estatutos, por iniciativa propia ou dos municipios interesados.

Malia que a maioría dos Estatutos de Autonomía previron as comarcas, son escasas as lexislacións locais que as implantaron xa sexa de forma xeral, como a Lei 8/1987, do 15 de abril, Municipal e de Réxime Local de Cataluña, ou a Lei de 1993 de Comarcalización de Aragón, hoxe refundida polo Decreto Lexislativo 1/2006, do 27 de decembro, xa sexa de forma singular como acontece en Castela e León coa Lei 1/1991, do 14 de marzo, pola que se crea e regula a Comarca de "El Bierzo".

- *As Áreas Metropolitanas*, integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras, cuxa creación corresponde así mesmo ás Leis autonómicas, de acordo co disposto nos seus respectivos Estatutos.

Malia a súa teórica idoneidade para afrontar o fenómeno da aglomeración urbana supramunicipal, o certo é que a entidade metropolitana tivo escaso éxito ata agora en España onde só existen unha área de carácter territorial en Barcelona de moi recente creación (Lei 31/2010, do 3 de agosto, da Área Metropolitana de Barcelona) e dúas áreas de carácter funcional en Valencia (unha de servizos hidráulicos e outra para o tratamento de residuos, Lei 8/2010, do 11 de maio, de Creación e Xestión de Áreas Metropolitanas na Comunidade Valenciana).

- *As Mancomunidades*, cuxa creación -a diferenza dos dous casos anteriores- é un dereito de asociación recoñecido aos municipios para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia.

As mancomunidades foron obxecto dunha substancial implantación, o Rexistro de Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas acredita unha existencia no conxunto do Estado de 1.026, tanto no medio rural coma no urbano, aproveitando con iso as economías de escala da asociación de municipios cunha poboación reducida e/ou dispersa e escasos recursos, ou ben para distribuír de xeito xusto e eficiente os custos da realización de obras e a prestación de servizos de interese común.

Estas tres modalidades non son en absoluto indistintas, alternativas nin intercambiáveis. En efecto, mentres as mancomunidades de municipios son expresión da autonomía destes, as comarcas e as entidades [áreas] metropolitanas son restricións da devandita autonomía. Por esta nuclear razón as Comunidades Autónomas non poden dispoñer libremente delas, a súa creación está reservada á Lei e supeditada "ao disposto nos respectivos Estatutos", aos supostos de feito lexitimadores e ás esixencias de representatividade e participación dos municipios que salvagarda a LBRL.

O Estatuto de Autonomía de Galicia non se apartou deste esquema básico, senón que o asumiu para o seu ámbito territorial, precisando, iso si, no seu artigo 40, o alcance posible da competencia lexislativa da Comunidade Autónoma sobre réxime local nos seguintes termos:

"Nos termos previstos no artigo 27.2 deste Estatuto, por Lei de Galicia poderase:

1.- Recoñecer a comarca como entidade local con personalidade xurídica e demarcación propia. A bisbarra non supoñerá, necesariamente, a supresión dos municipios que a integren.

2.- *Crear así mesmo, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con fins específicos.*

3.- Recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural."

Os preceptos citados da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e da LBRL, interpretados conforme á doutrina constitucional aludida, constitúen o marco xurídico de referencia xeral deste informe ANEXO.

II

Ausencia de habilitación estatutaria da Comunidade Autónoma de Galicia para crear Áreas Metropolitanas de carácter territorial con competencias en servizos múltiples/xerais. Lesión polos artigos 1.2 e 15.2 da Lei 4/2012 da autonomía local constitucionalmente garantida.

De conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 1 da Lei 4/2012, "A Área Metropolitana de Vigo é unha entidade local supramunicipal, *de carácter territorial* (...)". A este efecto, a Disposición final terceira da Lei modifica o artigo 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, cuxo apartado 2º queda redactado así: "As áreas metropolitanas terán a consideración de entidades locais supramunicipais de carácter territorial". Na redacción ata agora vixente deste precepto líase: "Gozan da condición de entidades locais *non territoriais* as áreas metropolitanas, as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores". En definitiva, de conformidade co disposto no artigo primeiro da Lei 5/1997, só ostentaban carácter de territorial os municipios e as provincias, ademais das parroquias rurais nos termos que determinara unha Lei do Parlamento de Galicia.

Esta cualificación de carácter territorial que agora realiza a Lei 4/2012 trasládase, como non podería ser doutro modo, ás competencias materiais da Área Metropolitana de Vigo.

O fundamento orixinario para que o lexislador autonómico poida crear e regular Áreas Metropolitanas, entidades locais non territoriais, de segunda orde, sen autonomía garantida e de existencia potestativa, atópase nos artigos 141.3 e 152.3 da Constitución que sinalan:

Artigo 141.3 "(...)Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes á provincia (...)"

Artigo 152.3 "(...)Mediante a agrupación de municipios limítrofes, os Estatutos poderán establecer circunscricións territoriais propias, que gozarán de personalidade xurídica(...)"

Pola súa banda a Lei de Bases de Réxime Local (LBRL) no artigo 43.1 indica, "(...)As Comunidades Autónomas, logo de audiencia da Administración do Estado e dos Concellos e Deputacións afectados, poderán crear, modificar e suprimir, mediante Lei, áreas metropolitanas, *de acordo co disposto nos seus Estatutos(...)*".

En similar sentido outra lei básica, en concreto, o artigo 153.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLHL) advirte, "(...)As Leis das Comunidades Autónomas que, de acordo co disposto nos seus Estatutos, creen no seu territorio áreas metropolitanas(...)".

Está claro, o artigo 152.3 da CE remítese aos Estatutos de cada Comunidade Autónoma; por outra banda tanto a LBRL coma o TRLHL, con idéntico criterio, obviamente reiteran, "(...)de acordo co disposto nos seus Estatutos(...)".

Son polo tanto os Estatutos de Autonomía os que, en uso da súa competencia sobre a organización territorial da Comunidade, en uso da súa competencia sobre réxime local, posibilitan a creación de Áreas Metropolitanas.

Pois ben, o artigo 40 Dous do mesmo Estatuto, aproveitando tanxencialmente a posibilidade que brindan os artigos 141.3 e 152.3 da Constitución, indica, "(...)Nos termos previstos no artigo 27.2 deste Estatuto, por Lei de Galicia poderase: Crear, así mesmo, agrupacións baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional *con fins específicos* (...)".

O Estatuto de Autonomía de Galicia, a diferenza dos de Cataluña, Asturias, País Vasco, Comunidade Valenciana ou Andalucía e outros, non contén unha mención expresa respecto da facultade de crear Áreas Metropolitanas, non obstante, ao igual que o Estatuto de Castela-A Mancha, menciona a posibilidade de crear "agrupacións". Agora ben estas "agrupacións", -entre elas, áreas metropolitanas- han de fundamentarse en feitos urbanísticos ou en calquera outro de carácter funcional e, dado o seu carácter non territorial, só poden ter "*fins específicos*".

Como vemos, o Estatuto de Autonomía distingue entre as Áreas baseadas en feitos urbanísticos e aquelas outras de carácter funcional. Agora ben, trátase dun mesmo tipo ou categoría de entidades locais, en todo caso non territoriais, de carácter potestativo que non son agrupacións voluntarias de municipios. A expresión "e outros" refírese a outros feitos que non sexan os meramente urbanísticos, aínda así, como xa se dixo, todas, ao non ser estritamente territoriais, caracterízanse polo seu carácter funcional e pola *especificidade dos seus fins*.

O Tribunal Constitucional, na súa sentenza do 2 de febreiro de 1981, F.8, considerou que a constitución de agrupacións de municipios non contradí o principio de autonomía municipal, non obstante advirte que estas agrupacións terán fins limitados e carácter non territorial. Neste sentido argumenta: "(...)debe partirse do disposto no artigo 141.3 da Constitución, que di así: «Poderanse crear agrupacións de municipios diferentes da Provincia». De acordo con este precepto, que garda estreita conexión co 152.3 da propia Constitución, hai que estimar que a autonomía municipal está limitada pola posibilidade de crear agrupacións de municipios. Sen prexulgar o alcance exacto dos preceptos da Constitución aludidos, é claro que non se opón a esta a creación de agrupacións con **"fins limitados, que no tienen el carácter de entidades territoriales (...)"**.

Os "*fins limitados*" dos que advirte o Tribunal Constitucional ou o termo "*fins específicos*" que menciona o Estatuto, non son conceptos inocuos nin gratuítos,

teñen un contido xurídico que aquí se entende ligado ao feito concreto e determinado que xustifica, recomenda e provoca a existencia de tal área xa sexa urbanístico ou outro de carácter funcional ou sectorial.

Pois ben, a Lei da Área Metropolitana de Vigo, no artigo 1.2, sinala, que a Área ten carácter territorial.

En virtude de tal carácter a Lei, no seu artigo 15.2⁴, menciona as competencias materiais do ente local creado e, como se dun ente de carácter territorial se tratase, indica que estas, sen prexuízo daquelas outras cuxa titularidade lle poida ser atribuída por outras leis ou lle poidan ser delegadas pola Xunta de Galicia, pola Deputación Provincial de Pontevedra ou pola Administración do Estado, exercerse nas seguintes materias:

- Promoción económica.
- Emprego.
- Servizos sociais.
- Turismo.
- Promoción cultural.
- Mobilidade e transporte público de viaxeiros.
- Medio ambiente.
- Xestión de residuos.
- Augas.
- Prevención e extinción de incendios.
- Protección civil e salvamento.
- Ordenación territorial
- Cooperación urbanística.
- Coordinación nas tecnoloxías da información e comunicación.

É obvio, a Lei non crea a Área Metropolitana de Vigo cun "*fin específico*", sectorial, determinado ou limitado que é a habilitación estatutaria que o artigo 40.Dous, dispón para o lexislador autonómico galego. A Lei 4/2012, do 12 de abril, crea unha Área de amplo espectro material, con fins e competencias múltiples, xerais, inclusive abertos que, sen razón dabondo, debilitan e danan o contido e o principio de autonomía que é un dos principios estruturais básicos da nosa Constitución, STC 32/1981, do 28 de xullo, F.3, xa citada.

Certo que o TC na súa S 214/1989, do 21 de decembro, F.4.b, ten sinalado que as Áreas Metropolitanas son "Entidades cun forte grao de interiorización autonómica, polo que, na determinación dos seus niveis competenciais, o Estado non pode senón quedar á marxe. Corresponde, pois, en exclusiva ás Comunidades Autónomas determinar e fixar as competencias das Entidades locais que procedan a crear nos seus respectivos ámbitos territoriais". Agora ben, na mesma sentenza o Constitucional sinala, "(...)estas entidades [as Áreas Metropolitanas]... entran en canto á súa propia existencia **no ámbito de dispoñibilidade das Comunidades Autónomas que dispoñan da correspondente competencia**". En similar sentido pronúnciase o mesmo Tribunal na súa sentenza 179/1985, do 19 de

4 O artigo 15.2 citado corresponde ao primeiro ordinal 2, a Lei ten tres ordinais "2" nese artigo 15, sen que conste, ao día de hoxe, corrección de erros publicada.

decembro, F.2.

En definitiva, a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de réxime local asume un conxunto de competencias de contido e alcance distintos que polo que respecta á materia de comarcas e parroquias rurais é unha competencia co contido pleno previsto no art. 37 do Estatuto de Autonomía e nos límites xerais establecidos a nivel Constitucional, non obstante, Galicia non dispón, carece, de competencia estatutaria, "de dispoñibilidade" -segundo palabras do TC- para crear Áreas Metropolitanas de carácter territorial e, en consecuencia, de servizos ou actividades xerais e múltiples pois, como xa se dixo e agora se reitera, estes entes locais, deben referirse a "*fins específicos*", "limitados", en palabras do TC.

O artigo 40 Dous, non ten unha eficacia meramente habilitante do lexislador autonómico -feito de todo punto innecesario posto que xa a LBRL e o artigo 27 do Estatuto cumpren a devandita función-. O artigo 40 Dous, do Estatuto forma parte do Título III, intitulado "Da Administración Pública galega", e como é propio da norma que dá orixe a un ordenamento autonómico, como é propio dunha norma institucional básica, encóntrase dedicado a establecer a arquitectura orgánica e a organización territorial do poder público en Galicia. A eficacia do artigo 40.Dous, non é só habilitante senón tamén configuradora e por ende limitativa do poder lexislativo autonómico.

O anterior implica que o lexislador orgánico e de cabeceira quixo que en Galicia, ademais de municipios e provincias, só poida engadirse un nivel territorial intermedio de carácter local, cal é a comarca. Polo demais, o lexislador poderá crear outras agrupacións de municipios, certamente, pero estas necesariamente terán que estar "baseadas en feitos urbanísticos e outros de carácter funcional con *fins específicos*".

Non caben, en suma, no actual marco estatutario galego, as entidades metropolitanas de carácter territorial, que é a cuestión de fondo que se cuestiona neste fundamento, pois os entes locais deste carácter responden a fins xeralistas, feito negado no Estatuto ás áreas que poidan crearse.

A maior abundamento e para finalizar, a Exposición de Motivos da Lei no parágrafo segundo do apartado IV, lembra que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 120, define ás Áreas Metropolitanas como aquelas entidades locais "integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de *determinados* servizos e obras".

É a propia definición do lexislador autonómico, que neste aspecto coincide exactamente coa que realiza o lexislador básico no artigo 43.2 da LBRL, a que ratifica o ata agora dito, ao dicir este que a razón de existir das áreas metropolitanas é a "planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras".

Conclusión. *Fins específicos*, di o Estatuto de Autonomía de Galicia. O Estatuto de

Autonomía é o límite, o teito, dentro do cal pode e debe moverse o Parlamento Autonómico no exercicio da súa función lexisladora. Calquera exceso sobre esta fronteira implica un desbordamento da mesma e polo tanto a inconstitucionalidade da norma aprobada que, no noso caso, dada a excesiva reordenación de competencias municipais que leva a cabo -artigo 15.2, na súa conexión co artigo 1.2- incide de pleno, lesionándoa, na autonomía local constitucionalmente garantida no artigo 137 CE. Procede declarar tal vulneración.

III

Lesión da autonomía local constitucionalmente garantida operada polo artigo 11.3 da Lei 4/2012. Representatividade dos órganos políticos decisorios. Vulneración da autonomía local no contido do artigo 11, apartado 4, letras d) á i) e l).

Pódese comezar este fundamento manifestando que nin sequera a composición da Asemblea da Área Metropolitana ten unha xustificación obxectiva no preámbulo da Lei. É mais, a aplicación consecutiva e por dúas veces do sistema D'Hont -na inevitable composición dos Plenos dos concellos integrados coma consecuencia das eleccións municipais e na aplicación que do mesmo sistema realiza a Lei no súa Disposición transitoria segunda- conduce a unha composición perversa e de difícil explicación desta Asemblea que non obedece, nin se aproxima, á realidade dos resultados electorais do ámbito. Non obstante, centrámonos na Xunta de Goberno da Área.

No preceptivo trámite de audiencia outorgado aos concellos afectados, mencionado no artigo 43.1 da LBRL, a redacción do precepto agora cuestionado, é dicir, a que figuraba no anteproxecto de lei remitido para audiencia e consideración, era substancialmente diferente. En efecto, o actual artigo 11.3 comprendía un segundo parágrafo que indicaba: "**(...)O voto de cada membro da Xunta de Goberno será ponderado en función do número de representantes que cada concello teña na Asemblea Metropolitana**".

No expediente tramitado para a elaboración do anteproxecto non consta que ningún dos 14 concellos consultados realizase alegacións no sentido de suprimir/modificar o voto ponderado na Xunta de Goberno, é máis, o Consello da Xunta, en reunión de data 28.04.2011, aprobou o proxecto de lei mantendo ese segundo parágrafo no artigo 11.3, polo que os concellos integrados na Área non tiveron ocasión de pronunciarse sobre esta nuclear cuestión que, nada menos, condiciona a gobernabilidade da Área.

Cabe preguntarse se a ausencia deste esencial trámite, previsto polo lexislador básico en garantía da autonomía local, lesiona tal autonomía.

A LBRL no seu artigo 43.3, con bo criterio, indica, "(...)A lexislación da Comunidade Autónoma determinará os órganos de goberno e administración nos que estarán representados todos os Municipios integrados na área (...)".

Pola súa banda o artigo 11.1 da Lei da Área Metropolitana de Vigo sinala: "(...)A Xunta de Goberno, presidida pola persoa titular da presidencia da área metropolitana, é o órgano colexiado de goberno da área metropolitana, e está formada por cada un das alcaldesas ou alcaldes dos concellos integrados nela(...)", 14 alcaldesas e alcaldes. O apartado 3, do mesmo precepto advirte: "(...)Os acordos adóptanse por maioría simple de votos(...)".

Un membro un voto, pois xa non existe segundo parágrafo.

A decisiva STC 32/1981, do 28 de xullo, sobre as Deputacións Catalás no seu F.4 sinala que a autonomía local "(...)configúrase coma unha garantía institucional cun contido mínimo que o lexislador debe respectar e que se concreta basicamente no dereito da comunidade local a participar a través de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lle atinxen, graduándose a intensidade desta participación en función da relación entre intereses locais e supralocais dentro de tales asuntos ou materias(...)".

Trátase de saber se a participación efectiva dos municipios, no proceso de decisións sobre as sensibles materias que son competencia da Xunta de Goberno metropolitana, órgano colexiado de goberno, atópase, en virtude da composición prevista, suficientemente graduada/recoñecida.

Un feito obxectivo e certo: segundo os datos oficiais da revisión padroal do Instituto Nacional de Estatística (INE) referidos a xaneiro do ano 2011, o Concello de Vigo, cunha poboación de 297.241 persoas, representa o 61,9% dos 480.459 habitantes da Área.

A Constitución no seu artigo 1.1, no seu principio nuclear, na súa primeira reflexión e imaxe, institúe a España como un **Estado social e democrático de Dereito**, iso impide apreciar a existencia de poderes públicos sustentadores da vontade popular desvinculados do dereito de representación política dos cidadáns ou dos entes que os integran.

Este dereito, esencia e carácter dos réximes democráticos, particularizado e institucionalizado para os entes locais nos artigos 140 e 141.2 CE, esixe que os órganos en que se incardina a representación popular -órganos políticos descritos na Constitución entre os que tamén cabe incluír os que gobernan nas agrupacións de municipios diferentes da provincia (artigo 141.3 CE)- teñan un carácter democrático e representativo, pois este carácter, manifestado no funcionamento dos órganos de goberno, é un aspecto esencial do modelo de autonomía local garantido en todo o Estado, STC 33/1993, do 1 de febreiro, F.3.

Vulnera manifestamente o dereito de representatividade democrática e polo tanto a autonomía local, a composición dun órgano político como a Xunta de Goberno metropolitana que, á luz do indicado no artigo 11.4 da Lei, e como agora veremos, ostenta importantes e substanciais competencias decisorias e de goberno e onde a colectividade de cidadáns de Vigo que, como xa se dixo, constitúen o 61,9% dos que poboan a Área, tan só se encontren representados polo 7,1% dos seus membros. Iso, lonxe de calquera ánimo localista, supón un tratamento arbitrario e

inxusto pois tal decisión, tal determinación do lexislador autonómico, impón un sacrificio á representación dese municipio que non obedece nin a un feito obxectivo nin a un feito razoable pois ha de estar minimamente graduado/modulado, nunha máis "**xusta distribución**" que é o concepto que, con indubidable acerto, emprega o lexislador básico cando no artigo 43.3 da LBRL se refire á participación de cada concello metropolitanizado nas cargas da Área.

A Xunta de Goberno metropolitana ten outorgadas importantes atribucións, algunhas preparatorias da Asemblea (aprobación dos proxectos de regulamentos e ordenanzas ou do presuposto) e outras, as máis, decisorias que lle son propias (contratación, concesión, xestión patrimonial e nomeamento e separación do persoal eventual da entidade...), art. 11.4. A Xunta de Goberno non é só un órgano de coordinación ou colaboración da Área Metropolitana cos Concellos integrados, nin tampouco de mero impulso, senón un auténtico órgano de goberno. Non obstante, a súa composición non garda proporcionalidade ningunha: "Está formada por cada unha das alcaldesas ou dos alcaldes dos concellos integrados nela", xa teñan estes 3.192 habitantes (Pazos de Borbén) ou 297.241 (Vigo).

Tampouco se establece regra ningunha de ponderación do voto, sequera sexa para exercer as competencias de goberno metropolitano [todas menos as da letra c)], ou polo menos aquelas delas que teñan unha eficacia resolutoria definitiva [as anteriores menos as das letras a) e b)]. Como xa nos consta polos antecedentes deste apartado tal regra de ponderación incluíuse na versión circulada aos Concellos no trámite de audiencia e no proxecto de Lei, pero foi suprimida durante a súa tramitación parlamentaria.

O pretendido polo lexislador desvélese elocuentemente no Preámbulo da Lei, cando afirma que "se lle concede un peso especial" á Xunta de Goberno metropolitana, "en coherencia coa regulación recollida no Título X da Lei de Bases do Réxime Local relativa ao réxime de organización dos municipios de gran poboación". É dicir, o lexislador pretende facer da Área Metropolitana unha sorte de "gran supramunicipio" para o que reclama unha organización análoga aos de gran poboación cando é evidente que a analoxía é legalmente imposible.

A incongruencia desta solución legal obsérvase mellor polo seu contraste con outras Áreas Metropolitanas. A Lei 31/2010, do 3 de agosto, da Área Metropolitana de Barcelona, tamén considera no seu artigo 4.5 a eventual creación dun Consello de Alcaldes, pero o devandito órgano non é necesario, nin se confunde coa Xunta de Goberno metropolitana, nin menos aínda exerce competencias propias de goberno. É concibido como un órgano de apoio con funcións propositivas e informativas: "O Consello de Alcaldes, integrado polos alcaldes dos municipios da Área Metropolitana, pode presentar ao Consello Metropolitano propostas de actuación que sexan de interese para a Área Metropolitana e ha de emitir un informe previo sobre a aprobación do programa de actuación e as materias determinadas polo regulamento orgánico".

Nada se opón a que a Lei cree un órgano colexiado composto polos alcaldes nin a que lle atribúa funcións de proposta, informativas, coordinadoras ou cooperativas, inclusive puntualmente decisorias. Pero non pode ostentar significativas funcións

executivas de goberno defraudando o principio de representatividade democrática que, como sabemos, forma parte do contido esencial da autonomía local.

Certo que a estrutura dun órgano de goberno destas características non ten que necesariamente adecuarse a unha correspondencia matemática, a unha proporcionalidade "pura"; certo que a súa determinación, a precisión ou a concreción da súa composición, corresponde ao lexislador autonómico que elixirá, entre distintas opcións, aquela que estime máis conveniente e certo tamén que en virtude do indicado na LBRL, artigo 43.3, en tal órgano deben encontrarse representados todos os municipios integrados na Área (14), mesmo os de poboación máis minoritaria. Agora ben, que iso sexa así non quere dicir que o lexislador ostente para ese fin dun poder ilimitado e nada explica a inasumible desviación da proporcionalidade que contempla a Lei que tamén ignora a especial vinculación da cidade de Vigo coa Área. A propia denominación da Lei así o advirte, "Lei 4/2012 da Área Metropolitana de Vigo".

Carece de sentido entrar no axuizamento ou determinar cal sería a medida xusta de representatividade de cada municipio na Xunta de Goberno metropolitana tal e como se encontra concibida, agora ben, iso non impide valorar se a opción elixida polo lexislador autonómico -que tamén se encontra sometido á Constitución- é correcta, é caprichosa ou é irracional, pois a falta de xustificación desta pode supoñer un acto arbitrario dese lexislador e vulnerar a "*Interdicción de arbitrariedade dos poderes públicos*" proclamada no artigo 9.3 da Constitución que en todo caso é o límite que calquera lexislador, tamén o autonómico, tamén o galego, debe observar. Neste sentido habemos de concluír manifestando que a moi escasa representatividade do municipio de Vigo nese órgano necesario e de goberno implica un trato desigual sen que iso obedeza a fundamento ningún que o xustifique, polo que a existencia de arbitrariedade, na cuestión de fondo que se discute, é evidente infrinxíndose tamén o deber dos poderes públicos de "*facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social*", artigo 9.2 da Constitución.

A desproporcionalidade, o desequilibrio, que contempla a Lei no seu artigo 11.3, a súa ausencia de idoneidade é de tal magnitude que ocasiona un evidente trato discriminatorio cara ao municipio de Vigo na súa condición "*de canle inmediata de participación cidadá nos asuntos públicos*", artigo 1.1 LBRL, que se traduce nunha postergación deses cidadáns, e tamén, aos efectos que aquí importan, nunha evidente lesión da autonomía municipal entendida por todos como o dereito que ostenta o Concello a participar e intervir directamente na xestión e no círculo dos intereses da colectividade que representa, nos intereses dos seus veciños (artigo 137 C.E. e artigo 2 da LBRL). Participación/intervención que dificilmente se observa e garante e que apenas é recoñecible cando a desvinculación da composición deste órgano de goberno co substrato social que representa é de tal intensidade que converte a esa participación, a esa representatividade democrática, nunha mera aparencia formal e postiza carente de calquera contido material e verdadeiro.

En definitiva, o artigo 11.3 da Lei lesiona de plano a autonomía local garantida no art. 137 CE.

Sen prexuízo diso, e en aplicación do sinalado *in fine* no artigo 75. quinquies 5. da LOTC, débese resolver sobre a situación de dereito xerada por este precepto no sentido de que os votos que nel se mencionan terán de interpretarse no sentido de consideralos "*ponderados en función do número de representantes que cada concello teña na Asemblea Metropolitana*" ou en calquera outra ponderación que non vulnere a autonomía municipal.

Dixémolo e reiterámolo, nada que opoñer e nada que obxectar ao feito de que a Lei cree un órgano colexiado composto polos alcaldes atribuíndolle funcións propositivas, informativas, coordinadoras ou cooperativas, inclusive puntualmente decisorias. Agora ben, este órgano non pode ter as transcendentais funcións de goberno que lle sinala a Lei sen defraudar o principio de representatividade democrática que, como sabemos, forma parte do contido esencial da autonomía local. Neste sentido, alternativamente á pretensión mencionada no parágrafo anterior, procede declarar que o contido do artigo 11, apartado 4, letras d) á i) e l) vulnera a autonomía local.

IV

Errónea determinación das competencias comprendidas no artigo 19, letra a), inciso, “e xestionar todos”; no artigo 20, apartado 1, letra a); artigo 21, apartado 1, letra a), o inciso “os servizos de transporte público urbano de titularidade dos municipios que a integran” por conexión co disposto no artigo 17, apartado 1.

Témolo dito no apartado I destes fundamentos pero pola súa transcendencia ten que ser reiterado. O TC en sentenza 32/1981, do 28 de xullo, F.3, sinala, “non cabe establecer *a priori* cal é o límite constitucional desta reestruturación das autonomías locais; pero as autonomías garantidas non poden ser abolidas, pois a protección que a Constitución lles outorga desborda con moito da sinxela “remisión á Lei ordinaria en orde á regulación das súas competencias”. O lexislador pode diminuír ou acrecentar as competencias hoxe existentes, pero non eliminar por enteiro e, o que é máis, **o debilitamento do seu contido só pode facerse con razón abondo e nunca en dano do principio de autonomía**, que é un dos principios estruturais básicos da nosa Constitución”.

O lexislador non goza dunha auténtica discrecionalidade para determinar as competencias da área metropolitana, senón que estas deben traer causa e gardar proporcionalidade coas “vinculacións económicas e sociais” entre os núcleos de poboación dos municipios afectados “que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras” (art. 43.2 LRBRL). Esta “vinculación” supramunicipal e a estrita proporcionalidade á mesma ata alcanzar a “necesaria” centralización metropolitana constitúen, pois, o canon de validez da transferencia forzosa de competencias municipais ao área metropolitana.

Isto suposto, entre as competencias atribuídas á Área Metropolitana nos artigos 15 e seguintes da Lei, existen algunhas que gardan relación directa coa aglomeración urbana e xustifican a súa centralización metropolitana, como poidan ser as

relativas ao medio ambiente, á xestión do ciclo integral da auga -coas decisivas cautelas que logo se dirán- ou ao transporte e á mobilidade. Estas competencias son comúns nas áreas metropolitanas, xa sexan de carácter territorial como a de Barcelona (artigo 14 da Lei 31/2010, do 3 de agosto, da área Metropolitana de Barcelona) ou funcionais como as valencianas, destinadas precisamente aos servizos hidráulicos (abastecemento en alta) e ao tratamento de residuos urbanos (disposicións adicionais 1ª e 2ª da Lei 2/2001, do 11 de maio, de creación e xestión de áreas metropolitanas na Comunidade Valenciana). Nada hai que obxectar, pois, respecto delas.

IV.I.- Noutras competencias, pola contra, a relación co feito metropolitano é moito máis incerta, o que permite cuestionar a validez da súa metropolitanización contra a vontade dos concellos agrupados, sobre todo se tal cousa faise co ánimo de desprazar ou excluír a competencia municipal. É o caso, por exemplo, dos **servizos sociais**. Nesta materia, o artigo 19 da Lei atribúe ao Área Metropolitana “as funcións de:

- a. Coordinar e *xestionar* todos os servizos sociais comunitarios, tanto os básicos como os específicos, no ámbito do seu territorio.
- b. Xestionar os servizos sociais especializados que lle sexan transferidos pola Xunta de Galicia de xeito coordinado cos servizos sociais que preste cada un dos concellos da área.”

De conformidade co disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, “os servizos sociais comunitarios, *de carácter predominantemente local*, están referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais” (art. 9.1). Mentres que “os servizos sociais especializados están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de *intervención de carácter supramunicipal*” (art. 14). En consecuencia, “a creación, mantemento e xestión dos servizos sociais especializados” corresponde á Xunta de Galicia, mentres que compete aos concellos “a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos” e tamén dos comunitarios específicos, salvo aqueles que “pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia” (artigos 59 e 60).

En suma, de acordo coa Lei de Servizos Sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios son eminentemente municipais e os especializados son exclusivamente autonómicos. Isto suposto, se se metropolitanizan na área de Vigo todos os servizos sociais comunitarios, estase desapoderando aos concellos de toda competencia propia en materia de servizos sociais, o que é contrario ao disposto no artigo 25.2,k) LRBRL, que garante aos municipios o exercicio de competencias en materia de “prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social”, sen que se observe que tal cousa sexa “necesaria” para atender

á poboación por razón dos “vínculos” existentes entre os municipios metropolitanizados, máxime coñecendo a dispersión dos seus núcleos de poboación, unha parte da cal segue sendo rural.

IV.II.- Outro exemplo de invasión competencial, por marxinación dos concellos en competencias que lles son necesariamente propias sen ser iso necesario para xestionar eficazmente o fenómeno metropolitano, atopámolo en materia de **turismo e promoción cultural**, de que se ocupa o artigo 20 da Lei, por cuxa virtude a área Metropolitana exercerá “as funcións de:

- a. Planificar e xestionar os programas e proxectos para o desenvolvemento e coordinación das iniciativas culturais e turísticas que afecten aos concellos incluídos na área metropolitana.
- b. Articular as necesarias fórmulas de cooperación e colaboración cos concellos afectados e coas entidades e organismos públicos e privados que interveñan como axentes de desenvolvemento dos proxectos.

Agora ben, se a partir da entrada en vigor desta Lei a Área Metropolitana é a competente para “planificar e xestionar os programas e proxectos” culturais e turísticos que afecten aos concellos -no ben entendido de que a utilización do artigo determinado “os” non alude a algúns, senón a todos eles sen exclusión-, ¿onde queda a función propia destes nestas materias? ¿poderán seguir relacionándose directamente coa Xunta e a Deputación Provincial para desenvolver e participar nos seus plans e programas? Non parece que tal sexa a interpretación do precepto que nos ocupa, que máis ben parece desprazar aos concellos a unha posición vicaria, plenamente subordinada á da área metropolitana, que se interporía entre eles e as instancias supramunicipais. O que dificilmente pode ser conciliado coa configuración dos municipios como entidade local básica, determinada polo seu territorio e a súa poboación (art. 11 LRBRL), da que é inescindible a titularidade e o exercicio de competencias propias en materia de cultura (art. 25.2 m) LRBRL).

IV.III.- Consideración específica merecen, para rematar, os termos nos que se atribúe á Área Metropolitana a competencia de **mobilidade e transporte público de viaxeiros**, non a atribución mesma desta (incuestionable como tal desde o punto de vista constitucional), pois os devanditos termos non poden desligarse nin da delimitación da Área Metropolitana, nin da organización do seu goberno, nin tampouco do peculiar réxime de prestación que a Lei establece para os servizos metropolitanos, postos en relación, á súa vez, coa realidade local mesma en que se incide, porque o certo é, desde este último punto de vista, que o único sistema de transporte urbano existente e en funcionamento (por viable en canto tal) é o do Municipio de Vigo, as demais liñas existentes teñen -dada a expresada realidade- carácter interurbano.

Podería obxectarse que dito *statu quo* é irrelevante porque, unha vez asumida a competencia, a área metropolitana poderá estender o servizo máis aló do termo municipal de Vigo. Pero é que, neste caso, é de novo moi elocuente o teor literal do precepto legal, posto que non lle atribúe á área metropolitana a competencia

“sobre os servizos de transporte urbano” sen máis, senón “os servizos de transporte público urbano de titularidade dos municipios que a integran”. Este inciso final confesa a titularidade municipal do servizo -no noso caso, só do Concello de Vigo- pero pretende trasladar a súa competencia á Área Metropolitana, producindo unha esquizofrenia evidente: a titularidade e, polo tanto, a responsabilidade declárase do Concello, que con todo queda desapoderado de toda competencia. Esta disfunción da competencia e o seu carácter lesivo para os intereses municipais de Vigo queda aínda máis en evidencia se se continúa lendo o precepto, posto que para os servizos “de carácter interurbano que atendan exclusivamente tráfico no ámbito da área Metropolitana de Vigo” non se lle atribúe á Área a competencia sobre o servizo senón sobre “as concesións”, o que confirma que o lexislador configura as competencias metropolitanas non sobre a realidade socio-económica e territorial da área e as súas necesidades, como manda o artigo 43.2 LBRL, senón sobre a situación existente e a titularidade actual do servizo.

Se sobre tal realidade se proxectan o esquema de goberno metropolitano e a opción pola xestión do servizo en ámbito inferior ao metropolitano (art. 17.1 da Lei) -cal é, polo dito, a hipótese máis probable, pola mesma natureza das cousas, polo menos durante bastante tempo-, o resultado sería: o mantemento das características actuais do sistema de transporte urbano na área (transporte efectivo só en Vigo), pero con perda polo Concello desta cidade do goberno e a xestión, é dicir, do control da prestación e, con todo, persistencia do seu custeamento, no fundamental, pola poboación de Vigo (recórdese que o artigo 17.1 da Lei establece que o financiamento do servizo prestado en ámbito inferior ao da área faise coas achegas asignadas aos Concellos, con independencia do sistema xeral de financiamento da Área). Este resultado, de darse, non só sería arbitrario, senón infractor do principio democrático sobre o que está montada a Administración local, ao dissociarse a titularidade e xestión, dun lado, do financiamento, doutro, con ruptura da correlación que ha de haber de elección dos representantes e, xa que logo, control (vía electoral) da xestión con titularidade da competencia, é dicir, responsabilidade da xestión, con lesión, en último termo tanto do dereito fundamental a participar, mediante representantes, na xestión dos correspondentes intereses locais (art. 23.1 da Constitución), como da súa expresión institucional: o goberno municipal baixo a propia responsabilidade e, con el, da autonomía local.

V

Artigo 33.1º.c) 1. Suficiencia de ingresos e autonomía local. Vulneración dos artigos 137 e 142 da Constitución, vertente financeira da autonomía local.

Os recursos que constitúen a Facenda da área Metropolitana de Vigo menciónanse no artigo 33 da Lei, que no seu apartado 1º.c)1, dispón:

“Artigo 33. Facenda da Área Metropolitana de Vigo

1º. A facenda da Área Metropolitana de Vigo estará constituída polos seguintes

recursos:

- c) As achegas económicas dos municipios integrados na Área Metropolitana, que serán fixadas pola Asemblea Metropolitana, previa proposta da Xunta de Goberno metropolitana e que consistirán:

1. Nunha cantidade fixa por habitante igual para cada concello que, necesariamente, deberá cubrir o sistema xeral de financiamento da Área Metropolitana de Vigo.

En materia de facendas locais a primeira referencia atopámola no artigo 142 da Constitución que consagra o principio de suficiencia financeira das entidades locais, ao sinalar: “As Facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos do Estado e das Comunidades Autónomas”.

A Lei da Área Metropolitana de Vigo non menciona entre os seus posibles recursos os derivados da participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas que, xunto cos tributos propios, configúranse constitucionalmente como un dos *fundamentais* das facendas das Entidades Locais, tamén as das Áreas Metropolitanas, (art. 142 CE xa citado). A Lei, tal e como reza a propia Exposición de Motivos, opta por un sistema de financiamento nutrido fundamentalmente nas achegas forzosas dos municipios integrados na Área e que consisten nunha “cantidade fixa por habitante igual para cada concello”, cantidade que necesariamente deberá cubrir, polo menos, o sistema xeral de financiamento (sic) da Área.

A modo de exemplo, o Concello de Vigo, con independencia dos servizos que transfira á Área Metropolitana, inclusive no caso de que optase por non transferir servizo ningún, deberá financiar obrigatoriamente e como mínimo o 61,9% dos gastos que supoñan a estrutura xeral de funcionamento da área, e entre outros os seguintes: aluguer ou adquisición de instalacións (sede), obras de adecuación, mobiliario, material de oficina, subministracións, persoal, dedicacións exclusivas de conselleiros, secretaría, intervención, tesourería (funcións públicas legalmente necesarias), equipamento informático, creación e mantemento dunha páxina web...

A fixación desta achega forzosa, na súa condición de necesaria, acordaraa a Asemblea Metropolitana a proposta da Xunta de Goberno, é dicir, prodúcese con independencia da vontade dos Concellos metropolitanizados supoñendo iso a detracción periódica nos seus ingresos dunha determinada cantidade para dotar a correspondente partida nos sucesivos orzamentos de gastos dos respectivos municipios, dotación que se materializará mediante a oportuna previsión inicial ou, no seu caso, mediante modificación orzamentaria -concretamente crédito extraordinario ou transferencia de crédito- que deberá financiarse a través de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas dos orzamentos vixentes non comprometidas co obxecto de preservar o equilibrio orzamentario. Neste sentido a Lei é clara pois no seu artigo 33.1º.c.2, segundo parágrafo, indica, “(...)Para tal fin, os concellos integrados na Área Metropolitana consignarán, nos seus orzamentos,

as cantidades precisas(...)”.

Á vista deste escenario debemos determinar se o artigo 33.1º.c)1, da Lei 4/2012 vulnera os artigos 137 e 142 da Constitución e contradí a esixencia constitucional de autonomía local e suficiencia financeira das facendas locais en canto que establece unha achega forzosa -necesaria- para o “financiamento da estrutura xeral da Área”.

Respecto á cuestión exposta tense pronunciado contundentemente o TC na súa sentenza 48/2004, do 25 de marzo, que resolvendo unha cuestión de constitucionalidade, falla declarando inconstitucional e nulo o artigo 12 da Lei do Parlamento de Cataluña 5/1987, do 4 de abril, de réxime provisional das competencias das Deputacións Provinciais.

O artigo 12 da a Lei da Generalitat contemplaba unha achega económica imposta ás Deputacións Provinciais de Cataluña para financiar o traspaso de servizos en materias de sanidade, asistencia e servizos sociais, achega económica que consistía nunha porcentaxe de participación nos ingresos destas corporacións detraída en favor da Comunidade Autónoma.

O Tribunal na súa sentenza abordou o que constituía o núcleo común a todas as cuestións de inconstitucionalidade expostas, que non era outro senón o de determinar se o precepto cuestionado vulneraba o artigo 142 da Norma Fundamental, e, en consecuencia, o artigo 137, ao contradicir a esixencia constitucional de suficiencia financeira das facendas locais.

Pois ben, seguindo exacto análise e razoamento ao utilizado polo TC na sentenza citada, podemos dicir que o presuposto de feito do artigo 33.1º.c)1, é establecer un recurso que financie os gastos que leva a estrutura xeral da futura Área Metropolitana, recurso que non terá carácter extraordinario -unha cantidade que se transfira dunha soa vez- senón que, pola contra, constituirá un ingreso ordinario da Área Metropolitana que, loxicamente, créase cun horizonte temporal indefinido.

A análise debe partir da autonomía da que gozan os entes locais en xeral e os municipios en particular.

Como vén sinalando o Tribunal Constitucional, a autonomía da que gozan os entes locais, no que ao ámbito económico se refire, ten claramente dous aspectos: a vertente dos ingresos e a vertente dos gastos. Polo que á primeira respecta, en virtude do art. 142 CE, a autonomía local presupón a existencia de «medios suficientes» para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás corporacións locais, no entanto iso non «garante ás Corporacións locais autonomía económico-financiera no sentido de que dispoñan de medios propios -patrimoniais e tributarios- suficientes para o cumprimento das súas funcións, senón que o que dispón é unicamente a suficiencia daqueles medios» (STC 96/1990, do 24 de maio, F.7; no mesmo sentido, SSTC 179/1985, do 19 de decembro, F.3 e 166/1998, do 15 de xullo, F.10).

O TC na citada sentenza 48/2004, no seu F.10, continua dicindo o seguinte: “Es,

pues, el principio de suficiencia de ingresos y no el de autonomía financiera el que garantiza la Constitución española en relación con las haciendas locales, suficiencia de medios que, como hemos señalado también en reiteradas ocasiones, constituye el presupuesto indispensable «para posibilitar la consecución efectiva de la autonomía constitucionalmente garantizada» (STC 96/1990, de 24 de mayo, F.7). En efecto, el «principio de autonomía que preside la organización territorial del Estado (arts. 2 y 137) -hemos afirmado-, ofrece una vertiente económica importantísima, ya que, aun cuando tenga un carácter instrumental, la amplitud de los medios determina la posibilidad real de alcanzar los fines» (STC 237/1992, de 15 de diciembre, F6). **«La autonomía de los entes locales va, entonces, estrechamente ligada a su suficiencia financiera, por cuanto exige la plena disposición de medios financieros para poder ejercer, sin condicionamientos indebidos y en toda su extensión, las funciones que legalmente les han sido encomendadas»** (STC 104/2000, de 13 de abril, F4); es decir, «para posibilitar y garantizar, en definitiva, el ejercicio de la autonomía local constitucionalmente reconocido» en los arts. 137, 140 y 141 CE [STC 331/1993, de 12 de noviembre, F.2.b); en el mismo sentido, SSTC 96/1990, F.7; 171/1996, de 30 de octubre, F.5; 233/1999, de 16 de diciembre, FF.4 b) y 22; y 104/2000, F.4].

“La suficiencia de medios o ingresos para cumplir sus funciones es, pues, el primero de los aspectos que conforman la autonomía de los entes locales en general Ahora bien, aunque la Constitución únicamente se refiere a la «suficiencia de medios» cuando alude a los entes locales, es evidente que la autonomía de éstos no se agota con la suficiencia de sus haciendas. Como señalamos en la STC 109/1998, de 21 de mayo, ... «si bien el art. 142 CE sólo contempla de modo expreso la vertiente de los ingresos, no hay inconveniente alguno en admitir que tal precepto constitucional, implícitamente y en conexión con el art. 137 de la Norma suprema consagra, además del principio de suficiencia de las haciendas locales, la autonomía en la vertiente del gasto público, entendiéndolo por tal la capacidad genérica de determinar y ordenar, bajo la propia responsabilidad, los gastos necesarios para el ejercicio de las competencias referidas» (F.10). De hecho, hemos señalado que, con respecto a los entes locales, «aunque el soporte material de la autonomía financiera son los ingresos y en tal sentido la Constitución configura como principio la suficiencia de recursos», «la autonomía financiera está configurada más por relación a la vertiente del gasto (como capacidad para gastar..) que con relación al ingreso -como capacidad para articular un sistema suficiente de ingresos-» (STC 104/2000, de 13 de abril, F4).

“Autonomía local en la vertiente del gasto que, como recordábamos en la citada STC 109/1998, **entraña, al menos, dos exigencias**. En primer lugar, **«la plena disponibilidad» por las corporaciones locales de sus ingresos**, «sin condicionamientos indebidos y en toda su extensión, para poder ejercer las competencias propias» (F.10)... **Y**, en segundo lugar, **la capacidad de decisión sobre el destino de sus fondos, también sin condicionamientos indebidos**. «Solamente así, en rigor, asegurando prima facie la posibilidad de decidir libremente sobre el destino de los recursos, adquiere pleno sentido la garantía de la suficiencia de ingresos "para el desempeño de las funciones que la Ley atribuye a las Corporaciones respectivas", según la dicción literal del mencionado art. 142 CE» (F.10).

“Ciertamente, también señalamos en la misma STC 109/1998, que «bajo el prisma de los arts. 137 y 142 CE, el ámbito sobre el que se proyecta la autonomía de gasto ... no ha de concebirse como una esfera total y absolutamente resistente a cualquier mínima incidencia o afectación proveniente de otros niveles de gobierno», dado que, en relación con la autonomía local -aquí en su concreta vertiente económica-, «lo que la Constitución veda de una forma terminante y sin excepciones no es sino el menoscabo del núcleo esencial el reducto indisponible de la institución, estrictamente». De donde inferimos que la autonomía en el ámbito económico, y, concretamente, en la vertiente del gasto, de la que gozan los entes locales «puede ser restringida por el Estado y las Comunidades Autónomas», pero siempre -es importante subrayarlo- que dicha restricción se lleve a cabo «dentro de los límites establecidos en el bloque de la constitucionalidad» (F.10).

Determinado o contido e o significado da transferencia forzosa de fondos establecida no artigo 33.1º.c)1, da Lei 12/2004 da Área Metropolitana de Vigo, e exposta con amplitude a precisa e preciosa doutrina constitucional en relación co principio de autonomía local na súa vertente financeira, debemos concretar a cuestión de fondo, que non é outra que á de coñecer se tal precepto vulnera, ou non, a garantía institucional da autonomía local, en concreto o artigo 137, en relación co seu instrumental artigo 142, vertente financeira desa autonomía, ambos da Constitución.

Como vimos e reiteramos o artigo 33.1º.c)1. impón aos catorce concellos metropolitanizados, unha achega de fondos a favor da Área consistente nunha cantidade fixa por habitante igual para cada concello que deberá financiar os gastos da estrutura xeral de funcionamento da área.

Pois ben, a citada achega de fondos non só limita directamente, minorándoa, a plena dispoñibilidade dos ingresos municipais para o desempeño das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións, artigo 142 CE, tamén está condicionando, está alterando, a capacidade dos concellos integrados na Área para decidir libremente e baixo a súa responsabilidade sobre o destino dos seus recursos ou ingresos, é dicir, sobre a xestión dos seus respectivos intereses. En definitiva, o precepto vulnera a garantía institucional da autonomía local na súa vertente financeira e, en consecuencia, o artigo 137 da Norma Suprema .

É máis, o artigo 152.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é definitivo e con sabio criterio recolle con meridiana claridade a doutrina constitucional exposta ao dicir,: “O réxime financeiro das entidades supramunicipais non alterará o propio dos concellos que as integren”.

O art. 33.1º.c)1, da Lei autonómica, ao establecer que os concellos integrados na Área Metropolitana de Vigo deben financiar actividades de funcionamento e organización innatas da Área e alleas ás súas competencias, está descoñecendo a esixencia constitucional de que o gasto dos entes locais se destine en todo caso a financiar o desempeño das funcións ou competencias que lle son propias, está constrinxindo a capacidade de decisión sobre o destino dos seus fondos, a súa

capacidade de autogoberno, está alterando o réxime financeiro dos municipios que integran a Área, está convertendo en irrecoñecible a imaxe das sempre escasas facendas municipais.

En definitiva, o art. 33.1º.c)1, da Lei 4/2012, está lesionando/vulnerando a autonomía local na súa vertente financeira garantida no art. 142 CE, na súa íntima e necesaria conexión co artigo 137 da mesma Norma Fundamental, vulneración que debe ser declarada.

VI

Artigo 33.1º.c)1. Fonte de financiamento atípica. Vulneración do artigo 153.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Vulneración dos artigos 137 e 142 da Constitución, vertinte financeira da autonomía local.

Neste suposto -intimamente ligado ao anterior- a inconstitucionalidade plantexada é a de determinar se o precepto cuestionado vulnera o artigo 153.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL), lexislación básica, ex artigo 149.1.18 CE, que enraíza e conecta cos artigos 137 e 142 da Norma Suprema, pois as necesarias, e polo tanto obrigadas, achegas municipais previstas na Lei 4/2012 para cubrir o sistema xeral de financiamento (sic) non atopan acollida na enumeración de recursos das facendas metropolitanas contidos en tal precepto que constitúe un evidente límite para o lexislador autonómico.

En efecto, ao fío da doutrina constitucional anteriormente exposta vimos que na autonomía local, na súa vertente económica, a regra xeral é a libre e plena dispoñibilidade polos Concellos dos seus recursos e a excepción é o seu condicionamento ou restrición polo Estado ou as Comunidades Autónomas, na medida en que o permitan “os límites establecidos no bloque da constitucionalidade”.

En materia de financiamento local, estes límites determínanos o Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cuxo artigo 153.2 dispón que “As Leis das comunidades autónomas que, de acordo co disposto nos seus Estatutos, creen no seu territorio Áreas Metropolitanas, determinarán os recursos das súas respectivas facendas de entre os enumerados no parágrafo a) do apartado anterior deste artigo e no artigo 152”. Isto é, entre o establecemento dunha recarga do IBI e o de taxas, contribucións especiais e prezos públicos, que son aos que se refiren respectivamente as dúas regras ás que se remite. Estes son os únicos recursos que a Lei pode ordenar, no ben entendido ademais de que “o réxime financeiro das entidades supramunicipais non alterará o propio dos concellos que as integren”. De onde se segue, en suma, que calquera outro ingreso, achega, subvención ou transferencia financeira deberá contar coa conformidade do titular da súa fonte.

En efecto, no 153.2 do TRLHL non aparece nin enunciado nin inferido, como recurso das Áreas Metropolitanas, o configurado no devandito artigo 33.1º.c) 1 da Lei

autonómica de creación da Área.

Debemos determinar se a Lei 4/2012 pode, sen conculcar a autonomía local, establecer un recurso financeiro ordinario que, non achándose expresamente previsto na Constitución nin no “bloque da constitucionalidade” nela enraizado, nutra as arcas da Área Metropolitana mediante unha transferencia/achega forzosa dos ingresos previstos nos orzamentos doutra facenda territorial como son as facendas municipais.

Sinala a sentenza 48/2004 que, “En la medida en que cualquier transferencia de recursos de una hacienda territorial a otra implica una alteración de los ingresos o recursos financieros de la hacienda del ente territorial al que se impone la transferencia de fondos -incidiendo ello en el ejercicio de sus competencias propias o, lo que es igual, en el ámbito de su autonomía- hemos de considerar que dicha transferencia forzosa de recursos, como fuente de financiación, *debe encontrar expresa habilitación en el bloque de la constitucionalidad, es decir, en el precepto antes reseñado*”.

Pois ben, a transferencia de fondos imposta pola Lei autonómica, no seu art. 33.1º.c) 1. -entrega que a propia exposición de motivos da Lei concibe e define como “recurso destacado”- non atopa apoio nin acomodo, nin no artigo 142 da CE (que sinala como recurso fundamental das facendas locais, ademais dos propios, as participacións nos tributos do Estado e Comunidades Autónomas), nin na enumeración contida no art. 153 do TRLHL, precepto que con correcto criterio, co ánimo de non perturbar o réxime financeiro das sempre exiguas arcas municipais, co propósito de posibilitar un normal e lóxico auto-financiamento do novo ente creado, establece que as Áreas Metropolitanas poderán contar con recursos procedentes de: (i) unha recarga sobre o imposto sobre Bens Inmóveis sitos no territorio da entidade; (ii) subvencións de carácter finalista que se poderán fixar nos orzamentos Xerais do Estado para o financiamento daqueles servizos específicos que constitúan o obxecto das áreas metropolitanas e (iii) taxas, contribucións especiais e prezos públicos, de conformidade co establecido nas súas propias normas de creación.

As Áreas Metropolitanas son entidades locais non territoriais, de segunda orde, sen autonomía garantida e de existencia potestativa. Os seus recursos, precisamente por esas esenciais características, non poden proceder dos concellos que as integran, cuxa autonomía para a xestión dos seus propios intereses está garantida. Os recursos das Áreas ou serán propios desta, ou serán procedentes do Estado, ou serán procedentes das Comunidades Autónomas, administracións públicas que deste xeito coadxuvarán á consecución dos fins do novo ente local.

A presenza destes entes no conxunto das Administracións Públicas, sen prexuízo da súa función de mellorar a eficacia da xestión de determinadas/específicas obras e servizos que pola súa complexidade metropolitana poidan requirir un tratamento unitario e supramunicipal, é unha decisión responsable, tamén razoable, que corresponde á plena dispoñibilidade do lexislador autonómico. Agora ben, esta decisión non pode implicar que para eses fins os concellos forzosamente agrupados acheguen recursos que nin o lexislador constitucional nin o lexislador do bloque da

constitucionalidade, na súa misión de concretar, garantir, preservar e enraizar a autonomía municipal, contempla.

En efecto, a Constitución e o bloque da constitucionalidade -que neste caso non se está referindo a un aspecto secundario- ao delimitar os recursos destes entes de segundo grao, o que tamén fai é preservar e garantir a autonomía municipal dos municipios que os integran, por iso calquera exceso sobre esa determinación entra de cheo e colisiona coa autonomía local.

Ao non existir habilitación legal necesaria para que unha Lei da Comunidade Autónoma de Galicia impoña ou esixa ás facendas municipais, como fonte de financiamento das Áreas Metropolitanas, “unha cantidade fixa por habitante igual para cada concello, que, necesariamente, deberá cubrir o sistema xeral de financiamento (sic) da Área” forzosamente ha de concluírse que o art. 33.1º.c)1. da Lei, ao establecer dita inespecífica ou atípica fonte de financiamento da facenda metropolitana lesiona e dana a indemnidade da autonomía municipal, artigo 137 CE na súa vertente financeira, artigo 142 da mesma Norma.

Tamén desde esta óptica, desde este escenario, o precepto, merece un indubitado reproche.

VII

Artigo 33.1º.c)2. parágrafo final. Vulneración do artigo 186 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Vulneración do artigo 142 da Constitución. Lesión da autonomía local constitucionalmente garantida.

O artigo 33.1.c)2, parágrafo final, textualmente sinala:

“(...)Si las aportaciones económicas no se efectuasen, el área metropolitana, a través de la persona que ocupe la presidencia, podrá solicitarle a la Comunidad Autónoma que retenga, previa instrucción del correspondiente procedimiento y con cargo a las transferencias de carácter incondicionado y no finalista que esta pueda tener reconocidas a favor de los ayuntamientos deudores, los fondos del municipio deudor hasta la cuantía en que se cifre la deuda en cuestión y que los ingrese en la hacienda del área metropolitana (...)”.

A Lei no seu artigo 33.1.c)2, parágrafo final, prevé un mecanismo coercitivo para o ingreso das achegas económicas non efectuadas polos municipios metropolitanos, consistente na retención e posterior ingreso na facenda da Área Metropolitana da parte que corresponda das transferencias de carácter incondicionado e non finalista que a Xunta de Galicia poida ter recoñecidas a favor dos municipios debedores, isto é, da participación dos citados municipios nos ingresos da Comunidade Autónoma.

Dito doutro xeito, ao tratarse as cantidades recibidas polos Concello en concepto de participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, dunhas cantidades que teñen a súa orixe nun mandato constitucional, en absoluto pode predicarse que

sexan créditos “propiedade da Comunidade Autónoma”, podendo esta decidir e dispor unilateralmente e mediante Lei autonómica o destino dos mesmos con preferencia mesmo ao pagamento das nóminas, ao pagamento das obrigas de exercicios anteriores ou ao pagamento de servizos obrigatorios, prioritarios ou esenciais, pois estas prelacións, previstas na normativa básica e que debe observar o Alcalde-Presidente da Corporación na súa condición de computador de pagamentos, artigo 186.1 TRLHL, constitúen un límite infranqueable e indispoñible para o lexislador autonómico.

Este mecanismo supón así mesmo unha vulneración do disposto no artigo 187 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, normativa básica integrante do bloque da constitucionalidade, que establece a necesidade de acomodar a ordenación dos pagamentos e posterior disposición dos fondos públicos locais ao disposto no Plan de Disposición de Fondos da Tesourería que se estableza polo Presidente, Plan que debe recoller necesariamente a prioridade dos gastos de persoal así como das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

Que iso é así obsérvase no mecanismo desenvolvido no artigo 125 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011, en aplicación da Disposición adicional cuarta do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que disciplina as retencións a practicar ás Entidades Locais para compensar as débedas firmes contraídas co Estado polas entidades locais con cargo ás ordes de pagamento que se emitan para satisfacer a súa participación nos tributos do Estado. Pois ben, este mecanismo prevé a posibilidade de reducir a contía a reter cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesourería xerados pola prestación daquelas obrigas relativas ao cumprimento regular das obrigas de persoal, á prestación dos servizos públicos obrigatorios ou á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se esixa contraprestación ningunha en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

En conclusión, o artigo 31.1.c)2, parágrafo final contravén a lexislación básica de aplicación sobre o destino obrigado de determinados fondos e a suficiencia financeira respecto deles. Con iso lesiónase a autonomía local na súa vertente financeira, garantida no artigo 142 CE na súa íntima conexión co artigo 137 da mesma Norma Fundamental.

VIII

Disposición adicional segunda, apartado 2. A evitación de duplicidades e a pretendida disolución da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo. Disposición adicional terceira, exclusión de competencias municipais, límite á capacidade de autogoberno municipal.

Suposta a asunción por transferencia de certas competencias que viñan exercendo a Comunidade Autónoma, a Deputación ou os Concellos á Área Metropolitana, a Lei adopta un conxunto de disposicións dirixidas ao encomiable fin de evitar duplicidades contrarias ao principio de eficacia e ao criterio complementario de

eficiencia das Administracións públicas. Un fin encomiable, como dicimos, pero cuxa persecución debe evidentemente respectar a distribución de competencias en cada materia e a garantía institucional da autonomía municipal.

Pois ben, a disposición adicional segunda da Lei controvertida ten por obxecto ás “entidades asociativas supramunicipais cuxo ámbito territorial e competencial estea incluído integramente dentro do ámbito territorial da Área Metropolitana de Vigo”, das que proclama no seu apartado primeiro que “soamente se poderá xustificar que non se disolvan ou que se cre unha nova cando desenvolvan actividades con características especiais e cando por razóns de eficacia xustifiquen o desenvolvemento de tales funcións por unha entidade supramunicipal diferente da área Metropolitana de Vigo”.

A pesar da súa formulación artificiosamente abstracta e a súa denominación formal de “disposición adicional”, o certo e claro é que esta norma encobre unha disposición transitoria, tendo en conta que o seu suposto de feito é o das entidades asociativas intermunicipais existentes á entrada en vigor da nova Lei e o seu obxecto é o de substituílas e, no seu caso, disolvelas. Que non se trata dun precepto abstracto nin de eficacia temporal indefinida, senón pola contra moi concreto e aínda singular e de Dereito intertemporal ou transitorio acredítalo, manifesta e respectivamente, os mandatos reiterados de substitución e disolución (de quen, senón de entes preexistentes?) e as alusións contidas no apartado segundo á Mancomunidade Intermunicipal de Vigo. Porque dela se trata. Estamos, en suma, ante unha disposición transitoria *ad personam*.

Agora ben, na medida en que este primeiro apartado non atribúe competencias para a disolución ou substitución da Mancomunidade e pode ser interpretado como unha mera aplicación do principio constitucional de eficacia das Administracións públicas (art. 103.1 CE), cabe facer unha lectura do mesmo conforme á autonomía local.

Distinto é o xuízo que merece o apartado 2º do precepto, que é unha paráfrase practicamente literal da disposición adicional cuarta da Lei 31/2010, do 3 de agosto, da Área Metropolitana de Barcelona.

O apartado que agora nos ocupa atribúe a unha comisión mixta entre os órganos de goberno da Área Metropolitana e da Mancomunidade Intermunicipal a decisión sobre “o procedemento e as condicións nas que deben ser traspasados á Área Metropolitana de Vigo os servizos, os medios materiais, financeiros e persoais, os dereitos e obrigas de titularidade da mancomunidade, así como todo canto proceda a efectos da substitución da Mancomunidade pola Área Metropolitana de Vigo nos órganos, organismos, institucións, consorcios, sociedades e demais entes públicos e privados dos que forma parte ou nos que estea representada. Os municipios mancomunados, previamente ao que se determina ao principio deste apartado, deben manifestar a vontade de participar, de conformidade cos preceptos legais e estatutarios de aplicación, na disolución, se procede, da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo”.

A estes efectos, debemos reter que a Mancomunidade de municipios da área

Intermunicipal de Vigo non é unha forma calquera de decisión organizativa, senón que foi garantida polo lexislador básico de réxime local como manifestación do dereito de asociación dos municipios. Como tal dereito, integra a garantía institucional da autonomía municipal e o seu exercicio é alleo ás competencias autonómicas. Dito máis sinxelamente: **as mancomunidades non son entes locais supramunicipais, senón estritamente intermunicipais**. Son unha forma personificada de cooperación intermunicipal, polo que non teñen competencias propias senón que executan en común obras e servizos determinados da competencia municipal, segundo advirte oportunamente o apartado 1º do artigo 44 LBRL. Isto suposto, para salvagardar a autonomía municipal non abonda cun acto previo de vontade dos municipios mancomunados de participar na disolución da mancomunidade, senón que tamén serán eles -e non necesariamente a Mancomunidade na que participan- quen participen directamente nas decisións sucesivas sobre traspasos e substitucións da Área Metropolitana en materias, insistimos, da súa competencia. Porque, como nos ocupamos de recordar no fundamento I, a autonomía dos municipios foi definida pola xurisprudencia constitucional como o seu dereito a participar “a través de órganos propios, no goberno e administración de cantos asuntos lle incumben”.

Outra extralimitación contraria á autonomía municipal pode atoparse na dicción literal da **disposición adicional terceira**, intitulada “Participación das outras administracións no exercicio das competencias asumidas pola Área Metropolitana de Vigo” e que reza como segue:

“Os concellos integrados na Área Metropolitana de Vigo e na Deputación non poderán dotar créditos nos seus orzamentos nin aprobar expedientes de gasto para o recoñecemento de obrigas naquelas competencias cuxos servizos fosen efectivamente traspasados. A Xunta de Galicia e o resto de administracións que traspasen servizos á Área Metropolitana de Vigo tampouco poderán executar gasto para o financiamento destes servizos transferidos.”

O primeiro que chama a atención da disposición é que, para sentar unha regra aparentemente común, se desdobre en dous incisos diferentes, un para os concellos e outro para a Xunta de Galicia e o resto de Administracións. Esta diferenciación, aparentemente innecesaria e inocua, só se explica porque en puridade o prohibido en ambos incisos non é idéntico nin coextenso: mentres que a Xunta e demais administracións non poden executar gasto para o financiamento dos servizos transferidos, no caso dos concellos prohibese tanto orzar como executar gasto “naquelas competencias cuxos servizos fosen efectivamente traspasados”. Logo para eles a exclusión non é do servizo, senón da competencia. Esta diferenza de trato carece de xustificación e parece excluír en adiante a capacidade de autogoberno dos municipios en tales competencias de interese local, o que conculcaría a garantía institucional da autonomía municipal tal e como foi caracterizada no Fundamento I.

IX

Disposición adicional quinta. Vulneración dos artigos 137 CE, autonomía

local e 142 CE, vertente financeira da autonomía local.

A Disposición adicional quinta da Lei da Área Metropolitana de Vigo establece, no seu punto 2º, que o cálculo do custo efectivo neto dos servizos transferidos á Area Metropolitana de Vigo, cando se trate de subrogación na titularidade das concesións de servizos públicos, vén determinado polo cálculo do custo efectivo da prestación do servizo no momento da transferencia, entendendo por custo efectivo o importe total comprensivo do gasto corrente e de reposición, así como as subvencións de carácter condicionado, se as houberse.

Para a determinación do custo efectivo a Lei prescinde, xa que logo, de calquera consideración respecto dos **gastos de investimento realizados con anterioridade ao momento da transferencia** na titularidade da concesión que sexan financiados, total ou parcialmente, con cargo aos orzamentos das Entidades Locais. Así mesmo, a Lei tampouco prevé o recoñecemento, a favor da Entidade Local propietaria dos bens adscritos á concesión, de calquera tipo de renda ou compensación derivada da utilización dos bens concesionados, isto é, impón a cesión gratuíta, por parte dos Concellos do dereito de utilización ou usufruto dos bens necesarios para a prestación dos servizos transferidos.

Esta situación supón un menoscabo patrimonial da Facenda dos Concellos metropolitanizados e lesiona á súa suficiencia financeira das facendas locais, artigo 142 CE, e polo tanto á súa autonomía constitucionalmente garantida, artigo 137 CE. A lesión debe ser declarada.

X

Disposición adicional oitava. Vulneración do artigo 43.3 da LBRL, lexislación básica, lesión da autonomía municipal.

O artigo 43.3 da LBRL, precepto básico que se encontra enraizado directamente no artigo 141.3 da CE, sinala, "(...)As Comunidades Autónomas, previa audiencia da Administración do Estado e dos Concellos e Deputacións afectados, poderán crear, modificar e suprimir, mediante Lei, áreas metropolitanas, de acordo co disposto nos seus Estatutos (...)".

O precepto é claro e non merece interpretación, "(...)As Comunidades Autónomas...poderán...modificar...mediante Lei, áreas metropolitanas...(...)"

A Disposición adicional oitava da Lei de creación da área indica, "(...)O ámbito territorial establecido no artigo 2 desta lei poderá ser ampliado **por decreto** do Consello da Xunta de Galicia logo da audiencia do concello afectado, da Comisión Galega de Delimitación Territorial, da asemblea metropolitana e da consellería con competencias en materia de réxime local(...)".

En efecto, o artigo 2 da Lei, vulnerando o sinalado no 152.3 da Constitución na súa referencia á necesidade de que os municipios metropolitanizados sexan limítrofes (os de Cangas e Moaña non o son con ningún outro), establece o ámbito territorial

da área creada, ámbito que, segundo este precepto, pode ampliarse aos municipios de Oia, Tomiño, Tui, As Neves, Pontareas, Mondariz, Covelo, Leiro (provincia de Ourense), A Lama, Pontecaldelas, Pontevedra, Vilaboa, Marín ou Bueu, outros 14, todos eles limítrofes con algún dos que xa forman parte da área. Que iso sexa así responde a unha lóxica normal, pois o territorio dun ente destas características e fins non ten que ser necesariamente rixido ou inamovible e pode ampliarse a outros municipios que ostenten similares vinculacións socioeconómicas. O de Tui, por exemplo, que dado o seu carácter, esencialmente fronteirizo, pode enriquecer e impulsar substancialmente un fin que, dada a ausencia de competencias dos concellos nesta materia, é propio da Área, a idea da Eurorrexión da Galicia-Sur co norte de Portugal.

Pois ben, alí onde o lexislador básico di que a modificación do ámbito territorial dunha Área Metropolitana debe responder necesariamente a unha Lei, o lexislador autonómico, ignorando a vis específica e o marco xeral da normativa que lle vincula, manifesta que é suficiente un decreto do Consello da Xunta.

O precepto que se cuestiona resulta imposible de explicar e máis aínda de entender, pero o certo e indubidable é que o artigo 43.3 da LBRL, coa cautela da necesidade dunha Lei nas modificacións dos ámbitos territoriais das Áreas -que en todo caso implicará a audiencia expresa dos municipios integrantes dela- está garantindo a autonomía municipal, garantía que resulta vulnerada de plano cando a reserva legal prevista para esta nuclear cuestión na lei básica resulta conscientemente desdeñada.

En definitiva, a Disposición adicional oitava infrinxe o artigo 43.3 da LBRL que desenvolve e concreta a autonomía local constitucionalmente garantida, artigos 137 e 141.3 CE, e que, en consecuencia, resulta lesionada. A lesión debe ser declarada.

XI

Disposición transitoria terceira. Facultade de disposición dos concellos sobre os seus propios bens, vulneración. Lesión da autonomía municipal.

I.- No preceptivo trámite de audiencia aos concellos afectados, mencionado no artigo 43.1 da LBRL, este precepto non existía no anteproxecto de lei remitido.

Cabe preguntarse se a ausencia deste esencial trámite, previsto polo lexislador básico en garantía da autonomía local, lesiona tal autonomía.

A Lei na súa Disposición transitoria terceira sinala:

“A Área Metropolitana asumirá a xestión do abastecemento en alta e fixará as tarifas que se lles cobrarán aos concellos que se subministren dos encoros, aínda que estes concellos non lle transferisen á Área Metropolitana de Vigo efectivamente a xestión do ciclo integral dá auga por non teren rematados os procedementos de traspaso destes servizos.

Entenderase como abastecemento en alta o definido como tal na lexislación sectorial de augas”.

O artigo 2.16.a da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, lexislación sectorial, define o “*abastecemento en alta*” como, “*a captación, alumeamento e depósito dos recursos hídricos e a súa xestión, incluído o tratamento de potabilización, o transporte por arterias principais e o alumeamento en depósitos reguladores de cabeceira dos núcleos de poboación*”.

Dende a literalidade de preceptos transcritos a Área Metropolitana, por ministerio da Lei e desde a súa constitución, ostenta competencia na “xestión do abastecemento en alta” comprendendo iso, en aplicación da normativa sectorial que cita, a xestión dos encoros onde se acumula a auga captada e que tal competencia -que implicará a fixación e cobro da tarifa aos concellos metropolitanizados da auga a eles subministrada desde os encoros- exercerase aínda no caso de que os concellos agrupados non lle transferiran a xestión do ciclo integral da auga.

A Lei na súa Disposición adicional sexta, disciplina a transferencia de servizos e funcións das entidades locais [Concellos] á Área e advirte que para iso se constituirá con cada Concello unha Comisión Mixta Paritaria integrada por tres representantes municipais elixidos polo Pleno e outros tres representantes da Área (presidente e vicepresidentes).

O apartado 3 desta adicional sexta continua sinalando que a materialización das transferencias das propostas “consensuadas” na Comisión Mixta, debe obter a posterior aprobación do órgano competente da Corporación Local (Pleno) e da Asemblea Metropolitana. En definitiva, o exercicio das competencias municipais por parte da Área require do correspondente acordo municipal que, de conformidade co sinalado nos artigos 47.2.h) e 123.2 da LBRL, debe adoptarse pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. Con esta previsión, con este requisito, con esta cautela, cabe entender que o lexislador autonómico, como non pode ser doutra maneira, está observando a autonomía local constitucionalmente garantida que impide que a asignación de competencias ás Áreas Metropolitanas que, evidentemente, implicará unha redistribución das mesmas, ten o límite de que esa reordenación non poderá afectar ao contido competencial mínimo dos entes locais, garantido como imperativo da autonomía que lles recoñece o artigo 137 da CE, garantía institucional que, con todo, non alcanza ás Áreas Metropolitanas.

Non existe a mesma observancia da autonomía local constitucionalmente garantida coa competencia relativa ao “*abastecemento de auga en alta*”. En efecto, neste caso, como se desprende da lectura da Disposición transitoria terceira, a competencia asúmese pola Área con independencia de que exista “consenso” na Comisión Mixta Paritaria, con independencia de que os Plenos dos respectivos Concellos se pronuncien sobre ese particular, da literalidade da transitoria terceira pode e debe entenderse que **a imperativa transferencia, ou a obrigada cesión, dos encoros de Eiras e Zamáns prodúcese por ministerio da Lei, por a exclusiva vontade do lexislador autonómico.**

Que iso sexa así nos obriga a preguntarnos se esta Disposición acomódase, ou non, ao principio de autonomía local. Con ese fin debemos realizar unha análise da titularidade das presas de Eiras e Zamáns, pois a materialización da competencia sinalada polo lexislador autonómico tan só é posible desde a disposición, tenencia ou posesión deses encoros, é mais, a propia disposición refírese a eles. En definitiva, debemos interrogarnos sobre o contido xurídico, o feixe de facultades, que ostentan os concellos respecto dos bens da súa titularidade e se ese contido, na súa conexión coa autonomía local constitucionalmente garantida, é respectado/observado polo lexislador autonómico.

O encoro de Zamáns, cunha capacidade de 2 Hm³, localízase no termo municipal de Vigo e na parroquia dese nome, o encoro de Eiras, de 22 Hm³, localízase a 31 kms. da cidade, entre os termos municipais de Fornelos de Montes e de Pontecaldelas, ambos son inmobles propiedade dun concello, do Concello de Vigo.

En efecto, con anterioridade aos anos 1952 e 1974, datas de entrada en funcionamento de Zamáns e Eiras respectivamente, o Concello de Vigo, en uso da súa competencia en materia de augas potables, artigo 101.1.c), Lei de Réxime Local de 1955, nunha moi correcta e adecuada previsión da planificación das necesidades futuras da cidade e dos cidadáns en materia tan transcendente, expropiou os terreos para a posterior construción desas infraestruturas hidráulicas.

Polo que se refire a Eiras, sen ánimo de exhaustividade, o encoro ten orixe na Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do 31 de xullo de 1962 (BOE 17 de agosto) pola que se autoriza ao Concello de Vigo a derivación de augas do río Oitavén con destino ao abastecemento da cidade. Esta resolución na súa condición 1ª indica: "Autorízase ao Concello de Vigo para aproveitar do río Oitavén augas mediante a creación dun encoro regulador duns seis millóns de metros cúbicos nas proximidades do lugar de Eiras, con destino á ampliación do abastecemento da cidade". Pois ben, previa a compra dunha concesión de aproveitamento hidroeléctrico existente por entón en tal río, satisfacendo por iso un importe de 2.650.000 de pesetas, o municipio de Vigo fixo fronte aos xustiprezos dos terreos expropiados con cargo á facenda municipal, 121.368.595 de pesetas. O importe da obra ascendeu a un final de 232.268.724 de pesetas dos que 145.167.952, o 62,5% do total, tamén foron aboados con cargo aos recursos municipais. A cantidade restante correspondeu á Administración do Estado, Confederación Hidrográfica do Norte de España, Ministerio de Obras Públicas. O total do investimento do Concello de Vigo, en importe da década dos anos sesenta, hai preto de cincuenta anos, foi de **269.186.547 de pesetas**⁵, un sacrificio investidor do pobo de Vigo, dos cidadáns de Vigo, que debe ser recoñecido.

Desde entón e ata a actualidade o Concello de Vigo xestiona, realiza o mantemento e explota pacífica, pública e ininterrompidamente os devanditos encoros, xestión que nun principio, foi directa a través dun servizo municipalizado de abastecemento e saneamento, posteriormente a través dunha empresa municipal de augas, (EMAVISA), sendo actualmente indirecta mediante o oportuno contrato

5 Achégase documentación referente ás cantidades mencionadas como anexo nº 2

de concesión de xestión de servizos públicos que, tras recente prórroga, ten a súa finalización no ano 2020.

É máis, a data de hoxe, o encoro de Eiras, mediante os oportunos convenios interadministrativos de colaboración, subscritos e formalizados entre o Concello de Vigo e os concellos que se citan, constitúe a fonte de captación de auga dos concellos de Redondela, Fornelos de Montes, Mos, Cangas, Moaña, O Porriño e Soutomaior e, a través destes dous últimos, a dos concellos de Salceda de Caselas e Vilaboa. Desde o encoro de Zamáns abastécese de auga ao municipio de Nigrán e puntualmente, cando así o demanda, ao de Baiona. Sen prexuízo de illadas e puntuais posturas contrarias, todos os municipios citados -que tamén se encontran integrados na Área creada pola Lei 4/2012- ingresan por tal subministración de auga a correspondente tarifa á empresa concesionaria do servizo, tarifa que, consensuadamente, se mantén inalterada desde 1990.

Pois ben, o lexislador autonómico esquécese do réxime xurídico dos bens municipais, decide responsabilizar á Área Metropolitana da xestión dun servizo, “abastecemento de auga en alta” e advirte que a xestión dese servizo por parte da Área, que devengará a correspondente tarifa, levarase a cabo aínda no caso de que os concellos non transfiran/traspasen á Área a xestión do ciclo integral da auga, é dicir, en todo caso, sempre. Non di nada máis.

A decisión do lexislador autonómico de adscribir á Área Metropolitana a competencia de “*abastecemento de auga en alta*” carece de razón ao ser un servizo que, como se ten exposto, é xestionado eficazmente polo Concello de Vigo. É mais, a materialización da transferencia desa competencia, tal e como se articula na Lei, ten un encaixe imposible na autonomía que predica a Constitución respecto dos entes locais, artigo 137, pois ademais de esquecer o contido económico dos bens sobre os que opera a competencia, obvia e ignora que a facultade de disposición dos concellos sobre tales bens que, no caso dos de dominio público, concrétase, entre outros, en actos de desafectación, adscrición, cesión ou mutación demanial.

O lexislador autonómico ignora que esa facultade de disposición é unha manifestación intrínseca da potestade de autogoberno municipal e polo tanto do núcleo esencial da autonomía local, núcleo que, como xa vimos, resúltalle vedado. O TC ten indicado en S. 13/1992, do 6 de febreiro, F.7, que, «A capacidade de autogoberno manifestase, sobre todo, na capacidade para elaborar as súas propias políticas públicas nas materias da súa competencia», iso implica a plena dispoñibilidade e administración dos seus recursos, dos seus bens, sen condicionamentos indebidos e en toda a súa extensión, pois isto é o que garante a súa existencia coma unha auténtica institución de autogoberno, isto é o que preserva que a súa imaxe sexa recoñecible para a conciencia social en cada tempo e lugar.

En efecto, o artigo 137 da Constitución é meridianamente claro, sinala que, “Os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses”.

En definitiva, a dispoñibilidade, a determinación, a facultade de decisión sobre os

encoros de Eiras e Zamáns que, dada a súa titularidade, son bens municipais, intereses municipais, corresponde por mandato constitucional ao Concello de Vigo, á súa autonomía constitucionalmente garantida e non pode ser omitida. Así, o TC na S. 159/2001, do 5 de xullo, FJ 4, indica, “(...)So pena de incorrer en inconstitucionalidade, por vulneración da garantía institucional da autonomía local, o lexislador ten vedada toda regulación da capacidade decisoria dos entes locais respecto das materias do seu interese que se sitúe por baixo dese limiar mínimo que lles garante a súa participación efectiva nos asuntos que lles incumben e, por conseguinte, a súa existencia como reais institucións de autogoberno(...)”.

Resulta inconstitucional por lesionar a garantía institucional da autonomía local, artigo 137 CE, que o lexislador autonómico, ao amparo da determinación dunha planificación e coordinación conxunta dun servizo - neste caso a metropolitanización do “abastecemento de auga en alta”- decida, sen mais, unha privación singular dos bens do Concello de Vigo, das súas infraestruturas básicas, máxime cando nin sequera, aínda que fose de xeito remoto, se contempla compensación económica ningunha.

A diferenza doutros cámbios de titularidade axuizados polo TC en determinadas sentenzas, non nos atopamos ante unha mera decisión de “readscrición” coma consecuencia dunha hipotética potestade de reorganización/reordenación dos municipios galegos no seu conxunto. Esta potestade -que si a pode ostentar o lexislador autonómico noutras materias- non existe para tal lexislador no ordenamento xurídico do réxime local, pois tal “readscrición”, tal “reordenación”, tan só pode levarse a cabo no adecuado uso por parte da Comunidade Autónoma de Galicia da súa competencia para “*Crear agrupacións [de municipios] baseadas en feitos urbanísticos ou outros de carácter funcional con fins específicos*”, artigo 40.Dous, do Estatuto, que ten o límite de que non pode afectar ao contido competencial mínimo dos entes locais constitucionalmente garantidos por imperativo da autonomía recoñecida no artigo 137 da CE. A plena dispoñibilidade dos bens municipais (cos condicionantes legais derivados da súa natureza xurídica), a libre decisión sobre os mesmos, é unha potestade que configura o contido básico e esencial da autonomía local pois sen ela a actuación autónoma é imposible. Cando esta potestade é ignorada, cando a supresión da mesma non implica a necesaria compensación, estase a producir unha vulneración da autonomía garantida, polo que cabe concluír apreciando a evidente inconstitucionalidade do precepto.

Excepcionalmente, por fundadas razóns de interese público, os cambios de titularidade dos bens de dominio público municipais poden operarse sen convenio interadministrativo, sen acordo de vontades, en definitiva, mediante a forza da lei -mutación demanial subxectiva-, máxime cando é a propia lei a que crea un novo ente público outorgándolle competencias sobre determinados servizos para as cales resultan necesarios/imprescindibles os bens afectos ao mesmo. Agora ben, esta inusual decisión do lexislador, que supón para calquera concello, para o de Vigo tamén, unha evidente despatrimonialización -nada menos que duns encoros- ten os seus límites, ten que respectar a autonomía local constitucionalmente garantida, artigo 137 CE, polo que o desapoderamento, a privación singular, prevista/acordada polo lexislador non pode levarse a cabo de plano, sen mais, sen

cautelas, sen compensacións. A nova titularidade legal dos bens, a súa titularidade metropolitana, tan só é posíbel dende a correspondente e necesaria indemnización económica, ningunha mención establece a lei a esta compensación, procede declarar que a Disposición transitoria terceira, en virtude do exposto, vulnera a autonomía local.

É máis, dado o quebranto patrimonial que tal solución ocasiona, o precepto tamén incide na vertente financeira da autonomía local, garantida no art. 142 CE, pois altera a capacidade do concello para decidir libremente e baixo a súa responsabilidade sobre o destino dos seus bens, dos seus recursos patrimoniais, polo que inclusive desde esta perspectiva a disposición transitoria terceira tamén merece tacha e reproche.

II.- Noutra orde de cosas. A decisión do lexislador autonómico de adscribir á Área Metropolitana a competencia de *“abastecemento de auga en alta”* podería ser razoable se o servizo non se estivera xestionando polo Concello de Vigo, pois ao igual que o transporte interurbano, é o típico servizo público susceptible de metropolitanización. O certo, como se ten exposto, é que o Concello de Vigo, desde sempre, ven prestando sen dificultade e con aptitude ese servizo polo que non se adiviña cales son as necesarias razóns de eficacia, artigo 103 CE, que o lexislador ten observado para modificar o escenario actual tendo en conta o custe económico e as dificultades operativas e técnicas que tal decisión implica.

Respecto do custe económico xa nos temos pronunciado nos parágrafos anteriores. Os municipios metropolitanizados, necesariamente, terán que asumir a elevadísima indemnización económica da imperativa transferencia de titularidade -mutación demanial subxectiva- contemplada na Lei respecto dos encoros de Eiras e Zamáns, sen que tal nova titularidade, e o gasto que comporta, implique, indispensablemente, unha mellora na prestación do servizo.

A título informativo, a actualización do importe que no seu día o Concello de Vigo investiu na construción do embalse de Eiras (269.186.547 de pesetas), con referencia á data do 1 de xaneiro de 1970 e o IPC xeral desde tal data, elévase, segundo datos obtidos do INE, á cantidade de **33.527.959 de euros**, importe mínimo ao que habería que engadir a actualización do importe investido no seu día pola Confederación Hidrográfica do Norte de España, o correspondente ao encoro de Zamáns e os importes das infraestruturas de primeira condución (traza do “Canal de Eiras”, túnel de 34 quilómetros que transcorre desde o encoro ata a ETAP do Casal e que significou, por parte da empresa concesionaria, unha inversión de **5.156.330.000 de pesetas**⁶, que desde o ano 1993, desde hai vinte anos, veñen reintegrando os cidadáns de Vigo no importe da tarifa do servizo).

Queda fóra de calquera dúbida que a cantidade resultante final, é inasimilable pola facenda do novo ente local, pola Área Metropolitana.

Cabe preguntar, polo tanto, se a decisión do lexislador galego pondera os intereses

⁶ Se adxunta, coma documento nº3, certificación de acordo do Pleno do Concello de Vigo adoptado na sesión realizada en data de 7 do abril de 1995 co seguinte título na Orde do Día: “SERAGUA S.A.: Recoñecemento de inversión en obra anterior a 01.02.1992”

presentes no caso, se tal preferencia -a de designar á Área Metropolitana como destinataria da competencia do “abastecemento de auga en alta”- responde a unha decisión técnica e economicamente procedente, a unha lóxica produtiva, a unha razón suficiente.

En efecto, coma advirte a doutrina especializada ⁽⁷⁾, a configuración e a distribución polo lexislador das distintas competencias a un ou a outro ente local, é unha decisión de certo contido político (co marxe de liberdade conseguinte) dirixida á permanente mellor decisión da orde constitucional, decisión que sempre debe adoptarse con arranxo a dúas regras que entendemos de aplicación conxunta; (i), no plano formal, preferencia pola realización das tarefas administrativas a través do tipo de administración mais adecuado; (ii) no plano material, ponderación da actividade ou servizo a desenvolver no nivel territorial no que técnica e economicamente sexa mais procedente. Ata agora o TC non ten feito ningún pronunciamento nesta liña permanecendo nun terreo abstracto, tan só ten concretado unha elemental e sólida regra material, S. 32/1981, do 28 de xullo, F.3, “El debilitamiento del contenido competencial de los entes locales sólo puede hacerse **con razón suficiente** y nunca en daño del principio de autonomía, que es el principio estructural de nuestra Constitución”. Con razón suficiente. En definitiva, coa mesma razón de eficacia que o lexislador autonómico invoca na Disposición adicional segunda cando infire a necesidade de disolver a Mancomunidade Intermunicipal de Vigo.

A decisión de outorgar a un novo ente local, a un novo nivel territorial, a competencia de “abastecemento da auga en alta” tendo en conta o escenario actual **carece da razón suficiente** que menciona o máximo intérprete da Constitución, polo que tamén desde esta perspectiva cabe plantexar a súa incuestionable inconstitucionalidade.

III.- Non debe esquecerse que na actualidade o Concello de Vigo xestiona indirectamente o servizo de “abastecemento de auga en alta” a través dun contrato de concesión de xestión de servizo público que no seu obxecto contractual, ademais de contemplar un “plan de investimentos”, inclúe a totalidade do ciclo da auga, é dicir, o abastecemento domiciliario (abastecemento en baixa), o saneamento (rede de sumidoiros) e inclusive a depuración de augas residuais. Isto implica unhas evidentes dificultades xurídicas e administrativas na aplicación da Lei.

En efecto, o contrato en cuestión, dada a existencia dun “*factum principis*”, ten que ser necesariamente modificado/dividido no seu obxecto contractual debendo subrogarse a Área Metropolitana na posición do Concello de Vigo no que na fase de “abastecemento de auga en alta” se refire, cuestión complexa que, dada a ausencia de capacidade técnica do novo ente local, non responde a un necesario interese público. É máis, enténdese que da literalidade da Disposición que comentamos tamén o resto dos concellos metropolitanizados veñen obrigados a transferir a Área as súas competencias *no ciclo integral da auga*.

7 Luciano Parejo Alfonso, “La autonomía municipal en la Constitución Española”, volume I, páxinas 153 e seguintes no “Tratado de Derecho Municipal”, 3ª edición, Iustel, Madrid 2011.

Pois ben, é de supoñer que na actualidade os catorce municipios (14) metropolitanizados prestan o servizo que ten que ser obxecto de transferencia baixo determinadas formas de xestión que, imaxinamos indirecta (concesión) na súa maior parte, é dicir, con contratos suxeitos a determinadas condicións de prestación, de prazos e de prezos, dereitos e obrigas que serán dispares en cadanseu. A complexidade da situación de inicio complicará extraordinariamente a xestión deste esencial servizo público por parte da Área, pois é de supoñer que sendo o obxectivo esencial desta a planificación e coordinación do servizo, en definitiva, a unidade na prestación, carece de sentido manter a situación actual descrita e realizar catorce (14) controis e direccións contractuais diferentes. Agora ben, tamén carece de sentido que en aras a tal unidade de prestación e planificación conxunta, a Área Metropolitana proceda ao rescate das concesións de servizo público existentes nos distintos concellos, pois o custe económico desta decisión será imposible de asumir.

A decisión de outorgar a un novo ente local, a un novo nivel territorial, a competencia do “ciclo integral da auga” tendo en conta o escenario actual **carece de razón suficiente** polo que tamén desde esta perspectiva cabe plantexar a súa incuestionable vulneración da autonomía local.

XII

Disposición transitoria terceira. Dereito dos entes locais a intervir nas materias que lles son propias. Vulneración. Lesión da autonomía municipal.

Como xa indicamos a Lei contempla unha intervención de diferente intensidade nos distintos ámbitos competenciais. No caso de protección civil e extinción de incendios utiliza o termo “poderán”, noutros contémpanse actividades de “planificación” ou “coordinación”, noutros, en cambio, a redacción é imperativa “asumirá a xestión”. Ademais existen determinadas materias que afectan de modo irreversible ás competencias municipais recollidas nos artigos 25 e 26 da LBRL, mencionándose mesmo competencias en servizos municipais que afectan exclusivamente ao Concello de Vigo pois só nel se prestan, por exemplo, o transporte colectivo urbano de viaxeiros.

A Lei non contempla ningún mecanismo de recuperación das competencias que se transfiran, non se coñece un límite que impida que se produza un baleiro de competencias, non se percibe ningún mecanismo que poida corrixir excesos produto dunha maioría conxuntural que extingan tales competencias en materias esenciais. Resultan especialmente preocupantes as previsións da lei en materias como augas, transporte urbano e residuos.

En materia de “augas”, a lexislación básica, o bloque da constitucionalidade, está constituído polos artigos 25 e 26 da LBRL que indican:

Artigo 25.

1.- O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

2.- O Municipio exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

l) Subministración de auga e alumado público; servizos de limpeza viaria, de ..., rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais.

Artigo 26.

1. Os Municipios por si ou asociados deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En todos os Municipios: ...abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación..."

Á luz do artigo 25.2.l), e seguindo a doutrina constitucional expresada na súa sentenza 214/1989, do 21 de decembro, F.4.b, a creación das Áreas Metropolitanas non pode supor para os municipios que as integran a privación absoluta da súa intervención en cada unha das materias enumeradas no artigo 25.2, entre elas a "subministración de auga". Certo que a instauración de Áreas incide na redistribución das competencias dos municipios agrupados nas mesmas, pero tal feito non pode en ningún caso desembocar nunha abolición, por desapoderamento, da autonomía municipal constitucionalmente garantida que en materia de competencias tamén comprende o exercicio de todas aquelas que teñan por obxecto "(...)a satisfacción das necesidades xerais e das aspiracións da comunidade veciñal (...)", artigo 25.1 LBRL.

Aínda que con relación á presa de Zamáns nin sequera é así. O feito de que nos atopemos ante un servizo que pode transcender o ámbito urbano non é un criterio determinante para concluír que os entes locais perdan toda capacidade de intervención.

É máis, o lexislador autonómico, pola súa conta e risco, con carencia de estudos previos de calquera natureza, decide metropolitanizar, en definitiva, ampliar e prestar conxuntamente un servizo que ata a data de hoxe é de exclusiva xestión e responsabilidade municipal, sen prexuízo dos acordos e convenios puntuais que respecto do mesmo o Concello de Vigo con dilixencia, con solidariedade, con compromiso, con eficacia e en aplicación dos principios de colaboración e coordinación que presiden as relacións entre administracións públicas, artigo 55 LBRL, ven desde sempre formalizando cos demais da súa contorna.

Pois ben, seguindo a doutrina constitucional apuntada, lesiona a autonomía municipal o feito de que o Concello de Vigo, como consecuencia da creación dun Área Metropolitana, dunha "Lei ad casum", dun ente local de segundo grao, sen autonomía garantida e de existencia potestativa, resulte, ademais de desposuído

do seu patrimonio, ignorado e expulsado dunha competencia que ten consolidada, na que ven pacificamente, non só intervindo, senón mesmo suplindo eficazmente á Comunidade Autónoma e, polo tanto, desenvolvéndoa cal é a de “abastecemento de auga en alta” incardinada na máis xeral de “subministración de auga” citada no transcrito art. 25.2.l) da LBRL, competencia sobre a que o concello de Vigo ostenta un interese predominante e que materializa mediante a correcta xestión e explotación que -desde hai sesenta e trinta e oito anos respectivamente- leva a cabo desde os encoros da súa propiedade de Eiras e Zamáns, co único e exclusivo fin de “satisfacer as necesidades xerais e as aspiracións da súa comunidade veciñal”.

Agora o lexislador autonómico, rexeitando o esforzo económico no seu día realizado; sen articular a necesaria transferencia; desentendéndose de novo da competencia que lle corresponde á Administración Autonómica nesa materia, artigo 4 Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia; sen realizar ningunha gradación dos intereses locais e supralocais en cuestión, S. 32/1981, do 28 de xullo; sen ter en conta o principio de subsidiariedade proclamado no artigo 4 da Carta Europea de Autonomía Local de 1985; sen respectar o exercicio lexítimo por parte do municipio de Vigo desa competencia e as consecuencias que diso poden derivarse, artigos 10.1 e 55. a) LBRL; sen ter en consideración o principio de eficacia que debe presidir a actuación das administracións públicas, artigo 103 CE, en definitiva, sen razón suficiente, STC 32/1981, F.3, priva ao municipio de Vigo e á súa autonomía de toda intervención e de toda decisión nese servizo municipal, manifestando que este debe ser asumido por un ente local de nova creación, pola Área Metropolitana.

A singular e peculiar visión que desta Administración ten o lexislador autonómico, manifestada principalmente, coma se ten dito, no trámite de presentación de emendas, tan só é explicable desde compromisos alleos aos novos retos na eficacia das Administracións Públicas.

O exposto supón unha manifesta lesión da autonomía local, artigo 137 CE.

CONCLUSIÓN

De acordo cos fundamentos xurídicos expostos neste ANEXO, sen prexuízo de aqueles outros que, con mellor criterio, se indiquen no escrito de planteamento do conflito, aprécianse razóns e motivos suficientes para cuestionar a constitucionalidade, por vulneración da autonomía local, dos seguintes preceptos da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo:

- Artigo 1, apartado 2, o inciso “de carácter territorial”.
- Artigo 11, apartado 3.
- Artigo 11, apartado 4, as letras d) á i) e l). Alternativamente o artigo 11. 3.
- Artigo 15 apartado 2.
- Artigo 19, letra a), o inciso “e xestionar todos”.
- Artigo 20, apartado 1, letra a).
- Artigo 21, apartado 1, letra a), ou inciso “os servizos de transporte público urbano de titularidade dos municipios que a integran” por conexión co

disposto no artigo 17, apartado 1.
Artigo 33, apartado 1, letra c), número 1.
Artigo 33, apartado 1, letra c), número 2, parágrafo final
Disposición adicional segunda, apartado 2.a
Disposición adicional quinta.
Disposición adicional terceira o inciso inicial, (desde “Os concellos...” ata “...efectivamente traspasados”)
Disposición adicional oitava.
Disposición transitoria terceira.
Disposición final terceira.”

En data do 10 de xullo de 2012 o **interventor xeral** emite o informe preceptivo sinalado no artigo 4.1.h) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, que transcrito literalmente di:

“Asunto: Informe sobre conflito na defensa da Autonomía Local

- Norma obxecto do informe: Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.
- Contido: Análise sobre os efectos económicos da norma sobre os intereses municipais.
- Expediente: s/nº
- Órgano: Pleno

Lexislación aplicable.

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.
- Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, coa modificación introducida pola Lei 7/1999, do 21 de abril.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.
- Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia

INFORME

Remítese a esta Intervención Xeral o expediente s/n relativo ao inicio da tramitación do procedemento previsto nos artigos 75 bis e seguintes da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, coa modificación introducida pola Lei Orgánica 7/1999, do 21 de abril, coa finalidade de interpoñer conflito en defensa da autonomía local en relación a determinados preceptos da Lei 4/2012, do 2 de abril, da Área Metropolitana de Vigo.

O artigo 213 do TRLRFL, delimita o control interno respecto da xestión económica, tanto da entidade local como dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís que dependan dela, ademais, farase na súa tripla acepción: función interventora, función de control financeiro e función de control da legalidade.

O ámbito e modalidades regúlan o artigo 214 do mesmo corpo legal, quedando suxeitos todos os actos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico, ingresos e pagamentos que daqueles se deriven, e a recadación, investimento e aplicación e, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

O artigo 4 apartado h) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, amplía o contido da función de control e fiscalización interna, encomendándolle a emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financieira ou orzamentaria lle solicite o Presidente, por un terzo dos concelleiros, ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.

A Lei Orgánica 7/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro do Tribunal Constitucional, introduce no ordenamento xurídico un novo proceso constitucional denominado "Conflicto en Defensa da Autonomía Local", é constitúe unha vía para a defensa específica da autonomía local ante o Tribunal Constitucional.

O artigo 75 ter da LOTC, delimita a lexitimación para formular o conflito. Para iniciar a tramitación dos conflitos en defensa da autonomía local, será necesario o acordo do órgano plenario das Corporacións locais con voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das mesmas. Unha vez cumprido este requisito e de maneira previa á formalización do conflito, deberase solicitar ditame, con carácter preceptivo pero non vinculante, ao órgano consultivo da Comunidade Autónoma (Lei 9/1995, do 10 de novembro e Decreto 282/2003, do 13 de xuño).

Polo tanto esta vía ten as súas restricións, de tal xeito que un único municipio ou provincia carece de capacidade para interpor o conflito, coa excepción de que a Lei estivese destinada unicamente a un concello ou provincia. Requírese un sétimo dos existentes no ámbito territorial de aplicación da disposición con rango de lei, e que representen como mínimo un sexto da poboación oficial do ámbito territorial correspondente.

En todo caso, o obxecto do conflito e o control das normas con rango de Lei emanadas do Estado ou das Comunidades Autónomas, que vulneren a autonomía local ou poidan lesionar a súa autonomía constitucionalmente garantida. É dicir, tan só se pode propoñer o conflito pola lesión da autonomía local.

En resumo, a Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, no só se limita ou restrinxe a lexitimación, senón tamén os motivos da impugnación.

Estamos polo tanto, na emisión de informe preceptivo, por se tratar dun suposto para o que legalmente se esixe unha maioría especial.

O informe que emite esta Intervención, centrarase nos aspectos económico-financeiros da Lei 4/2012, do 12 de abril, e que teñan efectos sobre o orzamento municipal ou sobre o seu patrimonio.

Consideracións xerais

Non se vai entrar neste intre nos aspectos relativos aos servizos e prestacións que serán obxecto de xestión pola Área Metropolitana. Non obstante, si que se fai necesario advertir sobre a importancia económica-orzamentaria e financeira que nalgúns casos vai supoñer. Como exemplo máis representativo, tanto pola súa repercusión en canto ao número de beneficiarios ou usuarios aos que vai afectar, como pola súa repercusión económica, é o servizo do servizo de Transporte Público Urbano e os acordos adoptados polo Pleno do Concello e pola Xunta de Goberno en vigor en canto á política social de prezos que afecta nalgúns casos a cidadáns exclusivamente empadroados en Vigo. Non se establece na Lei como se vai facer fronte a este custo se esas políticas de prezos son aplicadas ao resto dos concellos da Área. Tampouco se fai referencia ningunha a como se van soste os custos que se producen pola aplicación do sistema de prezos vixentes e o déficit que a mesma xera, como van facer fronte os concellos da Área a este custo que actualmente non soportan.

Neste mesmo orde de cousas, tamén se atopa outro servizo que ten un gran impacto de custo: estoume a referir ao servizo de prevención e extinción de incendios, onde a desviación entre o custo e os rendementos é superior ao 98 por 100, polo que a extensión do mesmo ao territorio físico da Área, vai supoñer un importante crecemento nos seus custos sen que se vaia producir un incremento nos ingresos pola prestación na mesma proporción, o que vai levar a un aumento do déficit que terá que ser resolto. Tampouco se prevé nin en sentido xenérico os investimentos a levar a cabo para a descentralización do servizo, nin as indemnizacións que lle hai que facer ao Concello de Vigo pola posta ao servizo da Área dun parque cunhas dotación valoradas en decenas de millóns, tanto en inmobles como en material móbil.

En canto ao servizo de xestión de residuos, estes van ter menos problemas, xa que cada concello, en función da taxa, da recadación e do custo do mesmo, a carga asumida neta terá que asumila cada quen a súa conta mediante transferencias correntes.

En todo caso, a prestación en xeral de servizos pola Área, non pode supoñer en ningún caso, unha carga orzamentaria adicional para este Concello, de tal xeito que o orzamento do Concello de Vigo, financiado cos ingresos dos cidadás de Vigo, faga fronte aos custos dos servizos doutros territorios da Área. De ser así, se estaría a atentar contra o principio de autonomía que regulan os artigos 137 e 140 da Constitución e contra o principio de boa administración, que se ben é certo que a Constitución non os delimitou como é o caso do artigo 148 para as Comunidades Autónomas, si lle garantiu a autonomía para a xestión dos seus respectivos

intereses.

Facenda da Área Metropolitana

O artigo 33 da LAMV, regula os recursos da facenda da Área Metropolitana, fixando como tales os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado, os cánones e demais dereitos pola utilización dos bens públicos e tributos propios. No seu apartado 1.c), fixa as achegas económicas dos municipios integrados na Área, que serán fixados pola asemblea metropolitana, previa proposta da Xunta de Goberno metropolitana.

No seu apartado 1, establece unha contía fixa por habitante igual para cada concello, que necesariamente, deberá cubrir o sistema xeral de financiamento da Área Metropolitana de Vigo.

Por outra banda, o artigo 153 do TRLRFL, que regula os recursos das áreas metropolitanas: No apartado 1.a), establece que as áreas metropolitanas poderán establecer unha recarga sobre o imposto sobre bens inmobles sitos no territorio da entidade. Dita recarga esixirase aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos contemplados na normativa reguladora deste imposto, e consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre a base imponible deste e o seu tipo no poderá ser superior ao 0,2 por 100.

No seu apartado 1. b), fixa tamén como recurso as achegas finalistas que poderán fixar os orzamentos xerais do Estado para o financiamento de servizos específicos que constitúan o obxecto da Área Metropolitana e a contía, perceptor e forma de distribución se determinen anualmente.

O apartado 2 do artigo 153, limita ás Leis das Comunidades Autónomas, a que os recursos que fixen para o financiamento das Areas Metropolitanas que creen no seu territorio, estean dentro dos previstos no apartado 1.a) do artigo 153 e o contido do artigo 152 da mesma norma, é dicir, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.

Hai unha vontade do lexislador estatal de garantir a suficiencia financeira das entidades locais, xa que está a prever que a creación das áreas metropolitanas se financien con novos tributos ou prezos públicos pola prestación de servizos que fagan estas entidades ou cunha recarga no imposto sobre bens inmobles. É dicir, en ningún caso o lexislador estatal prevé que esta nova entidade vaia diminuír a suficiencia financeira local, tal filosofía resultaría contraria ao principio constitucional que regula o artigo 142 da Constitución Española.

En relación co sistema de recursos que fixa o artigo 33.1.c) da Lei 4/2012, excede o contido do sistema de financiamento regulado polo artigo 152 e 153 do TRLRFL, polo tanto, podería estar a vulnerar o contido dos artigos 137, 140 e 142 da Constitución, relativos a autonomía local e a suficiencia financeira, xa que está a establecer unhas achegas forzosas non previstas na norma reguladora das facendas locais.

No apartado 1.c) 2 do artigo 33, regula o mecanismo coercitivo de retención que a Área pode solicitar á Comunidade Autónoma en relación coas achegas non finalistas que esta poida ter a favor dos concellos debedores polo ingreso pendente fronte á AMV.

A este respecto hai que sinalar que os ingresos non finalistas, están con carácter xeral destinados a facer fronte ao custo dos servizos básicos, e ademais obrigatorios, dos regulamentados no artigo 26 da Lei 7/1985, polo que poderíamos estar ante o paradoxo, que a retención practicada impida aos concellos integrados na Área que non poidan facer fronte ao pagamento de servizos que a LBRL, establece como mínimos e obrigatorios.

O lexislador autonómico, coa redacción dada ao artigo 33 da Lei 4/2012, non prevé a creación de novos tributos, nin a recarga do imposto sobre os bens inmobles, está a propoñer basicamente que o financiamento xeral da Área Metropolitana teña a súa orixe en recursos dos propios Concellos que a integran, o que vai non só poñer en risco o funcionamento ordinario dos mesmos, senón que limita a súa autonomía e a súa suficiencia financeira.

É evidente, que o lexislador é quen para determinar sobre os intereses de cada unha das entidades, pero sempre dentro do marco da Constitución, aspecto este que parece ter desbordado o lexislador autonómico.

É evidente que a suficiencia financeira non é asimilable á autonomía financeira no sentido de que dispoñan dos medios propios e patrimoniais para o cumprimento das súas funcións, o que está a defender a suficiencia é que as facendas locais deben dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a Lei lle atribúe ás corporacións.

O feito de que o lexislador autonómico as obrigue a perder uns recursos que lle son necesarios para a prestación de servizos que as Leis lle atribúen a Entidade, está a vulnerar o principio de suficiencia que inspira o artigo 142 da Constitución.

Así mesmo, coa perda da suficiencia financeira tamén estase a producir unha perda da autonomía dos mesmos, xa que autonomía e suficiencia financeira están relacionadas.

É difícil garantir o sistema de financiamento e da facenda da Área Metropolitana se esta Entidade supramunicipal de carácter territorial, non goza dun sistema de recursos propios e efectivos que vaian máis aló da redacción dada polo artigo 33 da Lei da AMV.

Artigo 37

Non se establece réxime transitorio ningún para a incorporación dos funcionarios con habilitación de carácter estatal, polo que as tarefas previas, articulación dos modelos e programas, implantación dos mesmos, a primeira formación dos orzamentos, os pagamentos que haxa que facer no proceso de formación e posta en funcionamento da Área, etc., non se regula como se vai desenvolver todo

o proceso previo.

Disposición adicional segunda

En canto á cesión da participación dos Concellos noutros entes asociativos supramunicipais e a liquidación da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo, o parágrafo 2, prevé a transferencia de medios que teña a MAIV, incluídos os financeiros na súa totalidade á Área Metropolitana.

O que se está a propoñer é que o Concello de Vigo, que estivo a soste os custos da Mancomunidade cunha contía fixa por habitante, ademais participou no cofinanciamento dos proxectos desenvolvidos pola MAIV nunha porcentaxe de acordo á contía do mesmo e a poboación, a liquidez que agora teña a MAIV no proceso de disolución, se lle entregue a AMV. O que terá que instrumentarse é a súa devolución a cada un dos Concellos de acordo á súa poboación, criterio que se tivo en conta para o cofinanciamento. Estes recursos financeiros son dos Concellos e estes non se pronunciaron sobre a doazón dos mesmos á AMV. En ningún caso os órganos competentes en cada caso se pronunciaron por facer unha transferencia extraordinaria da liquidez que lle corresponde no proceso de disolución da MAIV.

O Concello de Vigo non só estaría a facer, por unha banda, unha achega fixa por habitante, xa cuestionado neste informe, senón que agora, estase a propoñer unha transferencia extraordinaria pola liquidez que ten a MAIV, onde o Concello de Vigo ten case o 70 da titularidade dos devanditos fondos.

Non pode o lexislador autonómico facer unha disposición dos fondos que son dos concellos que conforman a MAIV. No só estaríamos na vulneración da autonomía local, estaríamos nunha apropiación indebida de recursos propios dos Concellos, que non é quen o lexislador para dispoñer deles.

Non se prevé na Lei o prazo do que dispoñen os Concellos pertencentes a MAIV, para proceder a súa disolución.

Disposición adicional quinta

O que interesa desta Disposición é o apartado 2, onde se establece o método de cálculo do custo efectivo neto dos servizos transferidos á Área, que virá determinado polo custo efectivo da prestación no momento da transferencia, entendendo por tal, a contía do gasto corrente, o custo de reposición e as achegas condicionadas do servizo.

No custo total do servizo transferido estase a falar do custo de reposición, termo abstracto, xa que non se ten coñecemento de antemán cal vai ser o valor de mercado de reposición dos devanditos bens adscritos ao servizo. En consecuencia, hai que estar a falar do custo de amortización, é dicir, o valor de adquisición ou de produción do/s citados elementos activables, que figuran no inventario municipal polo prezo de compra ou, se fose o caso, nos rexistros contables da prestadora do servizo que o concello está a pagar a través do prezo do contrato.

No caso que o Concello estea a prestar o servizo, tanto en réxime de xestión directa, contrato de servizos ou en xestión indirecta, o custo de amortización (reposición) dos elementos activables adscritos ao servizo xa están incluídos no prezo pagado, polo que a redacción dada polo apartado 2 da precitada Disposición, está a duplicar o custo da amortización, xa que por unha banda estase a falar do gasto corrente e por outra do custo de reposición. Como se pode comprobar, se a base de cálculo a conforman os dous conceptos, o custo de amortización estaríase a duplicar.

Ademais, tamén se estarían a imputar outros gastos que non terían a consideración de custos do servizo, xa que a prestadora do mesmo está a computar como custo e a ser resarcido por isto, os custos financeiros do investimento, que no caso dunha xestión tanto directa mediante un contrato de servizos ou en xestión indirecta non proceden, xa que a prestadora tivo que apelar ao mercado de capitais á busca de recursos para acometer o investimento, non é así no caso que nos ocupa, xa que a Área, estará a recuperar a través do gasto corrente computable ao servizo, o custo de amortización, polo tanto terá que conformar un fondo financeiro de amortización e xestionalo independentemente con carácter extraorxamentario e aplícalo ao orzamento no momento en que teña que acometer o investimento de reposición, polo tanto, non incorrerá en custos financeiros polos novos investimentos.

Outro dos custos que están a pagar os concellos e que forma parte do gasto corrente é o beneficio industrial que está a aplicar a prestadora do servizo e que, no caso que o mesmo sexa transferido a Área, tampouco procedería o seu cómputo.

Unha vez feitos os axustes relatados, o cálculo da carga asumida neta (diferenza entre custos e recadación líquida), habería que matizar o concepto de recadación líquida, hai que imputar nesta variable tanto a recadación do exercicio corrente como os de pechados.

En todo caso, na comisión avaliadora, sempre tería que estar unha representación técnica do concello no que se estean a avaliar o custo do servizo transferido.

Tampouco a Lei establece o réxime transitorio para o tratamento dos elementos activables adscritos ao servizo que no momento da transferencia do mesmo teñan unha vida útil, e teñan unha parte do seu valor pendente de imputar e polo tanto de recuperar.

Disposición adicional oitava

No informe xurídico xa queda expresado o rexeitamento a unha ampliación pola vía do Decreto, polo que no é obxecto de informe. O que si merece comentario é o parágrafo segundo da Disposición, en canto a que deben cumprirse dúas condicións: Por unha banda a condición de concello limítrofe con outro que forme parte da Área, e a segunda condición, que parece ser a máis complexa de medir ou acreditar, a que entre os núcleos de poboación se dean as mesmas vinculacións económicas e sociais que serviron de base para a planificación conxunta e coordinación dos servizos que prevé a Lei, xa que é evidente a diferenza de

desenvolvemento sectorial e incluso a vocación natural ou artellada entre os distintos territorios que conforma a Área.

Disposición transitoria Terceira.

Esta Disposición establece a asunción pola AMV da xestión do abastecemento da auga en alta, establecendo as tarifas que se cobrarán aos concellos que se abastezan dos embalses, aínda que os concellos non transfiran a xestión do ciclo integral da auga.

Sen entrar nos contidos legais do abastecemento da auga en alta, o que resulta de interese para esta intervención, é a defensa dos intereses municipais, partindo da titularidade indiscutible dos bens e os investimentos efectuados financiados con recursos do Concello de Vigo, como é o caso do encoro de Zamáns e de Eiras

Os investimentos aos que fixo fronte o Concello de Vigo para a expropiación do encoro de Eiras foron os seguintes:

- 2.650.000 pesetas para a expropiación do aproveitamento hidroeléctrico existente no río.
- 121.368.595 pesetas pagados polo prezo xusto dos terreos.
- 232.268.724 pesetas polas obras, cun financiamento de 243,8 millóns do Concello e 87,2 millóns da Confederación Hidrográfica do Norte de España.
- Total investimento: 356.287.319 pesetas, 2.141.329,91 euros
- Financiamento propio: 269.186.547 pesetas, 1.617.843,73 euros
- Inflación acumulada dende xaneiro do ano 1970 ata maio de 2012, 2008,8 por 100.
- Valor dos bens actualizados pola variación do IPC acumulado 43.015.035,23 euros.

Custo financeiro e de oportunidade do financiamento propio. Se establecemos un cálculo dende o un de xaneiro do ano 1982, os intereses que xeraría o financiamento propio, serían de 9.554.478,62 euros se se calculan con xuros acumulados, e 3.126.566 euros se se fai con xuro simple, que habería que engadirlle o xerado entre o ano 1970 e 1982, é dicir, outros 12 anos.

A todo isto, habería que sumarlle todos os investimentos de reposición feitos.

Non se está a facer a avaliación do encoro de Zamáns.

Poderíamos a estar a falar dunha incautación de bens de titularidade municipal superior aos 100 millóns de euros, o que supón unha lesión dos intereses municipais.

A xestión de auga en alta por parte do Concello de Vigo, está a posibilitar os ingresos para o mantemento dos encoros e da traza principal, pola aplicación dunha tarifa que se mantén invariable dende o ano 1990.

A perda de patrimonio ten consecuencias xurídicas, xa que se ben o artigo 128 da

Constitución Española, dispón que toda a riqueza do país nas distintas formas e sexa cal fose a súa titularidade está subordinada ao interese xeral. Non obstante, a expropiación dos bens para esta finalidade está sometida ao prezo xusto.

Esta incautación, tamén vai ter efectos sobre os recursos ordinarios, xa que o Concello quedaría sen os ingresos da venda de auga en alta, o que suporía igualmente unha diminución con efectos sobre a prestación de servizos básicos e, se cabe, sobre os mínimos e obrigatorios que regulamenta o artigo 26 da Lei 7/1985.

De igual xeito, esta obriga de cesión e xestión sobre os contidos das competencias e servizos mínimos, tamén está a lesionar o principio de autonomía e suficiencia financeira regulamentados nos artigos 137 e 142 da Constitución Española.

En canto aos demais contidos da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, hai un informe xurídico cun contido amplo, detallado e fundamentado do conflito na defensa da autonomía local emitido polo Sr. Secretario Xeral do Pleno, que esta Intervención Xeral comparte con carácter xeral, polo que non cabe incidir sobre os aspectos nel avaliados.

Tampouco lle corresponde a esta intervención pronunciarse sobre a representatividade e o peso dado pola Lei ao Concello de Vigo en relación ao resto dos concellos que conforman a Área nos órganos de representación metropolitanos, pero si sobre todo o que poida facer referencia a custos ou rendementos sobre os servizos prestados, que na actualidade o Concello ven facendo e que un aumento das prestacións, tanto en termos poboacionais, como territoriais, vai supoñer un incremento nos custos que o Concello de Vigo non dispón de orzamento para isto e que tan só sería posible enfrontar cun aumento da presión fiscal sobre os cidadás, que sen recibir nada a cambio, é dicir, sen mellora no servizo, verían como a factura fiscal aumentaba para dar cobertura ás prestacións noutros territorios.

Este informe emítese aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 4 apartado h) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, quedando limitado o mesmo aos aspectos económicos e orzamentarios que Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, regulamenta, e que van a ter incidencia para o Concello de Vigo.”

En reunión extraordinaria e urxente realizada en data do 10 de xullo, previa a ratificación da urxencia da sesión, **a Xunta de Voceiros** actuando coma comisión informativa do Pleno, artigo 45.4.b) do Regulamento orgánico municipal (BOP do 17.09.2010), mediante o uso do voto ponderado, por catro votos a favor (Grupo político municipal Socialista), catro votos en contra (Grupo político municipal do Partido Popular) e unha abstención (Grupo político municipal do BNG), tendo en conta o voto de calidade da Presidencia efectiva da mesma, ditamina favorablemente a proposta de acordo transcrita.

No expediente consta resolución da Alcaldía de data 11 de xullo de 2012 relativa á autorización do voto electrónico da concelleira do Grupo político municipal Socialista, dona **María del Carmen Silva Rego**. A mencionada resolución di:

“Esta Alcaldía no día de onte, 10 de xullo de 2012, resolvendo petición presentada nese sentido e ao abeiro do previsto no artigo 76.1, do Regulamento orgánico do Pleno e o sinalado analoxicamente no artigo 82.2 do Regulamento do Congreso, ditou resolución autorizando o voto mediante videoconferencia da concelleira dona María del Carmen Silva Rego no Pleno extraordinario a realizar ás 14.15 horas do día 13 de xullo, con un único punto na orde do día “Inicio do conflito en defensa da autonomía local contra determinados preceptos da Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo”.

O estado de saúde da concelleira recomenda a súa hospitalización na cidade de Madrid onde se desprazará no día de hoxe.

O feito mencionado e o necesario repouso e quietude da concelleira, recomenda que o voto a emitir no asunto indicado sexa materializado con anterioridade á sesión convocada. A estes efectos esta Alcaldía, tendo en consideración o procedemento previsto na resolución da Mesa do Congreso dos Deputados de data 21 de maio de 2012, publicada no Boletín do Congreso de data 25 do mesmo mes, aplicación analóxica,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Autorizar o voto telemático da concelleira dona María del Carmen Silva Rego con anterioridade á sesión a realizar.

SEGUNDO.- Para exercer o seu voto a concelleira autorizada accederá á Intranet do Concello de Vigo, xestión de expedientes, onde consta a proposta de acordo. A comprobación telemática da identidade da concelleira realizarase mediante certificado válido de sinatura dixital.

TERCEIRO.- A verificación do voto da concelleira autorizada realizarase polo secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo que deberá desprazarse ao lugar onde se emita formalizando dilixencia nese sentido.

CUARTO.- O voto emitido trasladarase á Presidencia do Pleno ao obxecto de que esta o anuncie no resultado acumulado das votacións.

QUINTO.- Dar traslado desta resolución á concelleira interesada e aos voceiros dos grupos políticos municipais.”

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Estamos diante dun Pleno decisivo para esta cidade.

Todos os Plenos son importantes, en todos debatemos cuestións decisivas para a cidade pero é verdade que este Pleno é certamente transcendental, é un Pleno que vai definir claramente o noso futuro.

Estamos diante dunha Lei de área metropolitana de Vigo, lei que leva o nome de Vigo e, en consecuencia, non é un regulamento, non é unha orde ministerial, non estamos diante dunha normativa de rango menor; estamos diante dunha lei como a que regula as pensións ou o dereito á sanidade. Insisto, é esta unha lei que leva o nome de Vigo.

En primeiro lugar reafirmo que os socialistas estamos a favor da Área Metropolitana de Vigo. Sempre o manifestamos e así o dixemos publicamente alí onde se nos preguntou. Pero estamos a favor do texto que a Xunta de Galicia entregou ao alcalde de Vigo, o texto que lle recoñecía a este Concello unha representación no voto do 47%, porque ademais ese foi o xeito de actuar dentro do consenso de todos os borradores da lei, incluído o primeiro do Sr. Fraga. Polo tanto si estamos a favor da lei, pero estamos a favor daquel borrador que se entregou.

Este Pleno ten que se pronunciar hoxe sobre as consecuencias xurídicas en canto á constitucionalidade dunha decisión política que tomou o Partido Popular sen consenso, emendando a súa propia lei e polo tanto enganando a este goberno, a este Pleno e a esta cidade.

Non se confundan, Sr. Figueroa e señores concelleiros do Partido Popular, a orde do día deste Pleno é moi clara. Estamos diante dun único punto da orde do día que di: "Inicio de conflito na defensa da autonomía local". É dicir, está en xogo a autonomía local deste Concello e semella lóxico que todos tivésemos o mesmo posicionamento.

A proposta que o secretario fai a este Pleno é moi clara. Pretende e propón iniciar o procedemento previsto no artigo 75 bis e seguintes da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Polo tanto hoxe estamos falando de constitucionalidade, de se esta lei é ou non constitucional e logo terei ocasión de dicir o que pode ser e será de roubo para esta cidade de continuaren adiante con ela.

Estamos falando do maior atentando á autonomía local que se perpetró a través dunha lei. Estamos diante dun informe xurídico do secretario de cincuenta e unha páxinas e doutro do interventor de oito páxinas, e ningún dos dous ofrece dúbidas,

informes que sitúan a defensa de Vigo fronte á maior agresión que sufriu esta cidade. Son os dous uns textos que dende a óptica política non podemos contradicir, textos de funcionarios que sempre foron incuestionables, textos de funcionarios que nos seus cometidos amosaron o máis alto nivel e que lle facilitan a este Pleno un ditame xurídico e económico de total solvencia no que é a defensa desta cidade. Son textos que marcan os fundamentos xurídicos da inconstitucionalidade que entendemos que nos obrigan a todos. Na miña opinión o contrario estaría na liña da desobediencia xurídica.

Como negármonos a defender esta cidade, a impedir que unha lei que nos están dicindo que ten indicios de inconstitucionalidade, poida ser ditaminada polo Tribunal Constitucional? Os que se neguen a votar estas propostas a partir de agora non poderán invocar os ditames do secretario do Pleno ou do interventor; non valen trampas, non vale o “hoxe non, mañá si”.

Este texto marca inconstitucionalidades en aspectos xerais e, aínda que sería moi longo de analizar, queda claro que contravén o Estatuto de Autonomía de Galicia, é unha clara desviación de poder e nin sequera se cumpren as directrices de ordenación do territorio do goberno do Sr. Núñez Feijóo. Na Asemblea aplica dúas veces a Lei D’Hont e a non proporcionalidade é evidente porque Vigo ten un representante nesta Asemblea por cada 12.381 habitantes, fronte Fornelos que o ten por cada 2.002. No informe dise que non hai xustificación, que certamente é unha solución arbitraria a que lle deu o lexislador, o goberno que propuxo esta lei.

En canto á Xunta de Goberno xa é o remate e a maior proba de agresión a esta cidade. A configuración contra Vigo está clara na lei. Vigo pasa de ter un peso na xunta de goberno dun 47,5% ao 7,1% por arte de maxia, cunha emenda do Partido Popular ao seu propio texto. A vulneración do principio de representatividade é evidente e así o afirma o mellor constitucionalista, D. Luciano Parejo. Aquí se dá a gran mentira do Partido Popular. No informe do secretario deste Pleno dise claramente que non se pode modificar unha lei mediante unha emenda en trámite parlamentario sen que se lles dea audiencia aos concellos. Estamos polo tanto diante dunha lei inxusta e arbitraria.

No informe xurídico do secretario do Pleno desmóntase outra das mentiras, cando di textualmente que a Xunta de Goberno é un auténtico órgano de goberno e non de coordinación.

Esta lei o único que pretende é parar esta cidade e gobernala dende fóra. Ese foi o lema do Partido Popular dende o primeiro momento e dende Baiona ou Salvaterra, con todos os respectos quérennos tratar coma se fósemos Pazos de Borbén, Vigo paga todo. En moitos dos servizos Vigo paga o 100% dado que os outros concellos non teñen recursos, pero si se benefician dos servizos.

Dende o respecto que nos merecen os habitantes dos outros concellos, é evidente que nós debemos defender esta cidade.

En Vigo queremos ser como as grandes cidades porque o somos. Queremos ter unha Área Metropolitana como a de Barcelona cuxo alcalde desmontou claramente a argumentación do Partido Popular á hora de dicir que esta é a mesma lei e dicía textualmente que “é imposible poñer en marcha estas entidades sen un acordo coa cidade principal”.

Isto foi o que fixo o Partido Popular e estou completamente seguro de que non o faría na cidade da Coruña porque xa o seu alcalde dixo que non queren que os gobernen dende Sada. Entendémolo porque tamén o alcalde de Vigo dixo que non quere que nos gobernen dende fóra. O problema é que en Vigo temos ao Sr. Figueroa de voceiro e aos doce concelleiros do Partido Popular.

Aínda que se poderían poñer máis, dous exemplos son moi gráficos sobre o que supón esta lei para a cidade: Dise textualmente no informe do interventor que o lexislado sobre a auga suporía unha incautación de cen millóns de euros. En canto ao transporte público, tema moi recente porque vostedes xa dixeron que o primeiro aparcadoiro disuasorio para viaxar a Vigo pagaríao esta cidade. Polo tanto xa non só pretenden cargarnos coa Lei de transporte metropolitano, senón que agora o volven facer.

Se a Lei da Área Metropolitana de Barcelona é idéntica á de Vigo, aceptamos o reto e comprometémonos de inmediato se onde pon Barcelona se pon Vigo.

Sr. Figueroa, por que lle ten medo ao Tribunal Constitucional? Quen lle impide á cidade de Vigo defender os seus dereitos? Deixe que decida o Tribunal Constitucional que non é un órgano que actúe ao ditado de ninguén. Se están tan seguros de que esta Lei de área metropolitana é constitucional acepten, voten a favor e sometámonos todos ao ditame dese Tribunal.

O que ocorre, Sr. Figueroa, é que vostede se debe pensar o voto. Leva vinte e cinco anos como concelleiro e é un mal colofón e unha páxina moi negra que hoxe

impida que esta cidade poida recorrer ao Tribunal Constitucional. Sr. Figueroa, Vigo como Roma non paga traidores. Xa traizoaron unha vez a esta cidade coa Lei de caixas de aforros e xa miraron como saíu.

Insisto en que Vigo, como Roma, non paga traidores.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aquí hoxe por desgracia non se vai debater sobre a Área Metropolitana.

Logo de escoitar as declaracións duns, Partido Socialista, e doutros, Partido Popular, nós temos claro que hoxe aquí non se ven debater sobre a Área Metropolitana. Nós si, pero estamos seguros de que co Partido Popular e co Partido Socialista hoxe aquí non imos falar de que é e cal é a área metropolitana que merecen e necesitan os nosos veciños e veciñas. Hoxe van discutir aquí, como levan facendo durante moito tempo, dunha loita clara de poder. Precisamente van seguir vostedes discutindo sobre como nos podemos enfrontar máis e mellor politicamente contra o outro e mentres, da Área Metropolitana moi pouco.

Teño que empezar dicindo que hoxe aquí non se decide o futuro da nosa cidade, Sr. López Font. Hoxe aquí imos decidir lexitimamente o que as forzas políticas que estamos aquí representadas queiramos diante dunha batalla que o Partido Socialista, en minoría nesta cidade e neste goberno local, decidiu iniciar pola súa conta. Imos tamén falar e decidir sobre outra batalla política que o Partido Popular pola súa conta ten iniciado cando decidiu unilateralmente sacar unha Lei de Área Metropolitana sen o consenso necesario, sen as consultas necesarias aos concellos; unha batalla política, a dos señores do Partido Popular, que evidentemente vai facer, se non o cambiamos, que teñamos unha Lei de Área Metropolitana que non sirva absolutamente para nada e non defina absolutamente nada. Hoxe hai enriba da mesa dúas batallas políticas que o Partido Popular e o Partido Socialista inician pola súa conta e sen ter en conta absolutamente a ninguén. Iso é o que hoxe vai estar enriba da mesa.

Hai xa moitos anos, demasiados, existía unha Declaración de Soutomaior que todos -Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego- aceptaban por unanimidade. Gustaríame ler sinxelamente algo disto. Di: "Asumimos o papel que os nosos concidadáns nos impelan a aceptar como líderes políticos dun proceso de reunión dos intereses socio-económicos e culturais que eles mesmos, os cidadáns,

están a protagonizar dende hai tempo”. Dician alcaldes e alcaldesas do Partido Socialista, do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego: “Declaramos a nosa vontade firme e unánime de camiñar cara á creación da área metropolitana, abordamos a tarefa que veñen de nos encomendar os nosos conveciños dende unhas perspectivas que superan e deben superar a fragmentación da división municipal”. Estas eran declaracións por unanimidade, por todas e cada unha das tres forzas políticas.

Saben vostedes cando se rompeu esta unanimidade cun alcalde nacionalista que abandeiraba perfectamente o consenso, a solidariedade e a unidade? Rompeuse cando a esta cidade chega de alcaldesa D^a Corina Porro e o Partido Socialista, que tiña a potestade de tirar cara adiante a Lei de área metropolitana porque tiña a potestade na Xunta de Galicia, non a sacan cara adiante porque o mesmo Partido Socialista non sabía que facer coa área metropolitana.

Falábase dun gran consorcio no que se unía a Pontevedra e daquela, cando se nos quería facer unha grande área de servizos unida a Pontevedra, eu non escoitei nin ao Sr. Caballero, nin ao Sr. López Font defender a autonomía municipal de Vigo. O Sr. Caballero falaba de vinte e sete concellos, daquela dicía que unha área de catorce concellos sería absolutamente un desastre e ademais algo que non tiña ningún sentido. Agora acepta esa área de catorce concellos porque ata a quere presidir. Pero ademais disto hai que dicir que daquela o PSOE non sacou adiante a área porque non lle quería dar un certo protagonismo á Sra. Porro.

O Partido Popular agora está facendo exactamente o mesmo: loita de poder. Como hai un alcalde que non é do Partido Popular tampouco lle quere dar ese protagonismo. Uns e outros non se decatan que a quen lle cortan o protagonismo non é nin ao Sr. Caballero, nin á Sra. Porro. Con estas liortas políticas a quen lle están cortando o protagonismo é a esta cidade.

Sr. alcalde e señores do Partido Popular, o protagonismo de Vigo non se consegue por ter dous ou tres concelleiros máis, non por ter máis ou menos poder; conséguese cando Vigo como cidade sexa capaz de abandeirar unha área metropolitana, de ilusionar e involucrar aos demais concellos para que esta área metropolitana sirva ás necesidades que os nosos veciños e veciñas nos piden satisfacer. O protagonismo nunca llo dá un a un mesmo, dáse sempre polos demais.

Esa é a batalla que o BNG quere lidar e pelexar. Vigo ten que ter o peso predominante na futura área metropolitana, pero para conseguir unha área metropolitana onde todos nos sintamos involucrados.

Nestas dúas batallas o Bloque Nacionalista Galego non vai entrar. Non vai entrar nin na batalla do Partido Popular, nin imos apoiar unha Lei de Área Metropolitana que non especifica absolutamente nada, máxime despois de que o Sr. Rajoy lle calara a boca a calquera representante do Partido Popular en Vigo cando anunciou claramente que nada de suprimir a Deputación, nada de baleirala de contido para transferir competencias á Área Metropolitana, senón que o propio Rajoy falou de aínda máis peso para as deputacións.

Non imos entrar na batalla dun Partido Popular que está máis interesado en como lle quitar poder ao Sr. Caballero e ao Partido Socialista nesta cidade, que empeñado en que os grandes servizos que precisa esta Área se poñan en marcha.

Tampouco imos entrar na batalla que hoxe o Partido Socialista nos trae aquí, batalla que ese mesmo partido comezou pola súa conta. O problema para os nacionalistas non é que a Área Metropolitana sexa ou non constitucional, iso non o temos que decidir nós. O problema é que esta lei non vale, non nos gusta e témola que cambiar. Ese é o problema.

Señores do Partido Socialista, que pasaría se un tribunal di que esta lei é constitucional? Vostedes xa aceptarían esta lei? Volverían vostedes formar parte dos entes da Área Metropolitana? Dirían que esta lei entón si xa defende a Vigo? O problema non é ese, o problema é que efectivamente esta lei é gravosa e inxusta para Vigo pero pola lei mesma e por aquelas cuestións que os nacionalistas vimos explicando.

Por iso a batalla do Bloque Nacionalista Galego é a de modificar esta lei e por iso imos presentar mocións en todos os concellos da Área pedíndolles aos Partido Socialista e Popular que voten connosco que hai que modificar esta lei.

Levamos moito tempo escoitando falar sobre a defensa de Vigo pero ninguén ten a potestade de dicir como se defende mellor a unha cidade. Cando estaba un alcalde nacionalista, Lois Pérez Castrillo, esta cidade estaba defendida e abandeirando un verdadeiro proceso revolucionario dentro dos concellos das áreas e xamais se necesitou apelar á defensa de Vigo porque era evidente. A defensa de Vigo faise evidente cando un lidera e non cando un ordena. A defensa de Vigo, señores do

Partido Popular, faise evidente tamén cando un se senta aquí para representar os intereses de Vigo e non para lle dicir “amén” a todo o que o Sr. Feijóo, o Sr. Louzán e o Sr. Rajoy digan.

Logo incidirei na postura que imos levar dende o BNG que vai ser sempre defender a esta cidade e por iso queremos cambiar a lei que non defende a esta cidade, pero a queremos cambiar dende a decisión, queremos que o Partido Socialista e o Partido Popular voten, non se é constitucional unha lei ou non, que voten que esta lei se precisa e é necesario cambiala. Aí si que se verá quen realmente defende á cidade ou quen realmente fai un sinxelo xogo de poder.

SR. FIGUEROA VILA: Era previsible o que ía suceder neste debate, como tamén que o que algún grupo político intenta facer única e exclusivamente é para embarrar o terreo de xogo porque cando non hai argumentacións claras, evidencian unha postura.

Nós dicimos moi claramente que estamos de acordo con esta Lei de Área Metropolitana e ímoslles explicar aos vigueses e ás viguesas por que estamos de acordo.

En primeiro lugar porque é unha entidade supramunicipal que abrangue catorce concellos. Ese foi o espírito inicial, un fito histórico: primeiro mancomunarse, unirse e ter un criterio conxunto dos catorce concellos, o que demandaban máis de cincocentas mil persoas dunha área como a nosa que pode ser como a provincia de Ourense ou Lugo en todo o seu conxunto. Era unha vella reivindicación social e económica de máis de quince anos. Eu entendo que ao mellor hai quince anos algúns estaban pelexando polas medallas de fillos adoptivos da cidade da Coruña, pero eu si estaba aquí defendendo a Vigo. É difícil entender que un poida ser candidato por unha circunscrición da Coruña, ter a Medalla de Ouro da cidade da Coruña e agora dicir que defende única e exclusivamente el a Vigo. Eu xa defendía a Vigo daquela e agora espero seguir defendendo a esta cidade. Ese é o problema de raíz.

É certo o que di o Sr. Domínguez Oliveira cando relata que no ano 96 se asina unha Declaración de Soutomaior que é o espírito básico desta Lei de Área Metropolitana. Pero tamén o é que no ano 2005 entra no Parlamento o proxecto de lei e logo é totalmente imposible seguir coa tramitación ao remataren a lexislatura. Pero hai

algo claro, onde estaban vostedes, membros do Partido Socialista e do BNG, que querían tanto, que amaban tanto esta cidade, que o único obxectivo que tiñan na súa cabeza era a cidade de Vigo e que ían facer unha lei para intentar que os servizos básicos fosen mellor xestionados e co mellor custo posible? Sr. Domínguez Olveira, onde estaba vostede e o seu grupo? Porque o Sr. Quintana mandaba no goberno da Xunta de Galicia e, que fixeron?

Que fixo o Partido Socialista? Esconder o proxecto de lei nun caixón. Déronllo ao Sr. Méndez Romeu e este quixo tramitármolos un consorcio e, saben por que? Porque a cidade da Coruña non tiña feitos os seus deberes e entón, como querían agardar á cidade da Coruña e como era máis rápido, querían tramitar un consorcio para a cidade da Coruña e outro para a cidade de Vigo. Dende Vigo se lles dixo que non. Esa persoa á que vostedes critican, a Sra. Porro, dixo que non rotundamente dende esta cidade, aínda que tamén é certo que daquela co apoio do Bloque Nacionalista Galego que non co do Partido Socialista que escapou; o Sr. Méndez Romeu evitou o debate.

A única verdade é que con esta lei o que fixeron foi metela nun caixón e tivo que vir unha vez máis a cidadanía viguesa presentar unha iniciativa popular con máis de vinte mil sinaturas; houbo que facer a tramitación vía parlamentaria porque esas sinaturas apoiaban esa lei. O que fixo automaticamente o presidente Feijóo, que non o presidente Touriño nin o vicepresidente Quintana, foi reunirse con esa Federación veciñal da cidade de Vigo na súa sede e comprometeuse a levar a Lei de área metropolitana no seu programa electoral.

A clave é que o Partido Socialista escapou, non se soubo nada, o Sr. Touriño nin quería vir Vigo, o Sr. Quintana esqueceuse de presentar esta lei no programa electoral e o Sr. Feijóo levouna no programa electoral. Agora o que estamos a facer nós e o Sr. Feijóo é única e exclusivamente cumprir co seu programa, co seu compromiso electoral. Cumpriuno e iniciou a tramitación, a lei pasou por todo o procedemento administrativo.

Na lei fálase do financiamento, das competencias, de que non é unha administración paralela senón todo o contrario, fálase tamén dos custos da área. Esta lei aprobouse buscando o maior consenso posible.

A Xunta aceptou máis do 60% das emendas dos grupos da oposición no Parlamento ao proxecto de lei; aceptáronse outras tantas emendas de persoas e colectivos de

fóra e polo tanto esta lei nace cun alto grao de consenso parlamentario, é da maioría.

O alcalde de Vigo esquécese de algo que ás veces llo lembra o Sr. Domínguez Olveira: que está sentado aí única e exclusivamente porque o quere e o vota o Sr. Domínguez Olveira e non polos votos da cidadanía. Como unha persoa que necesita os votos dun partido para seren alcalde do seu concello, neste caso de Vigo, non necesita os votos para ser presidente ou dirixir unha área metropolitana? Apliquen o sentido común porque supoño que se para seren alcalde de Vigo o Sr. Caballero necesita os votos do Bloque, para ser presidente e xestionar a área metropolitana necesitará polo menos os votos de algún concello máis.

Iso é o que non lles contan vostedes aos veciños e veciñas porque lles están a dicir que o alcalde de Vigo ten maioría na Corporación, pero non a ten. Sr. Domínguez Olveira, ese é un problema de seu que teñen que resolver vostedes.

Por todo iso, primeiro abriron o debate de que presidencia si, presidencia non; logo abriron outro sobre a carta de municipalidade. Pero se vostedes non querían a Lei da área metropolitana, por que presentaron unha carta de municipalidade e ademais coma un proxecto estrela do seu programa electoral? Onde está a carta de municipalidade, Sr. Domínguez Olveira? Non o lembra? Estaba no seu co-programa electoral, que digo ben: co-programa. Que aconteceu coa carta de municipalidade? Esquecéronse cando era un proxecto estrela que presentaron a bombo e prato. Que pasou coa área metropolitana de vinte e oito? Non lles fixeron caso nin no seu propio partido. Ese é o problema que teñen vostedes.

Agora nos fan un debate sobre os órganos de goberno. A asemblea metropolitana reflicte perfectamente que Vigo ten o 47% dos votos na área metropolitana a través desa asemblea; de 52 membros Vigo ten 24, o 47%. Barcelona, dun total de 90 membros, ten o 28%. Por que enganan á cidadanía e non lle dan estes datos que están perfectamente reflectidos? Porque non lles interesa.

Vostedes falan da Xunta de Goberno pero o que non din é que só é para debate, para propoñer, verter ideas e facer propostas, iso é para o único que está a Xunta de Goberno. É na asemblea metropolitana onde está o poder de decisión da Lei da área metropolitana. Na documentación que teño está perfectamente claro e logo llo pasaremos aos medios de comunicación: "Xunta de Goberno: proposta de orzamentos, proposta de ordenanzas, proposta de regulamento. Asemblea de área

metropolitana: aprobación definitiva de orzamentos, de ordenanzas e de tarifas e servizos". Isto é o que vostedes non lle contan á cidadanía pero hai outras cousas que non lle contan.

Nós respectamos todos os informes pero hai veces que cheiran mal e, como non vai cheirar mal o de D. Luciano Parejo se resulta que nun proxecto de Fundación e Ideas está no Master con D. Antonio Hernando, que supoño que vostedes coñecen, como tamén a D. Ramón Jáuregui, a D^a Trinidad Jiménez, D. Gregorio Peces-Barba, D. Alfredo Pérez Rubalcaba, D. José Blanco López, D. Francisco Caamaño Domínguez, D. Jesús Caldera Sánchez, D. José Luís Rodríguez Zapatero, D^a Elena Valenciano Martínez, D^a Cristina Narbona Ruíz... Que queren que pensemos? Informe pagado "ad hoc", a dedo; evidentemente informe interesado. Que lles vai dicir? O que vostedes lle piden ou o que el considera que ten que ser?

Sr. López Font, os que están imputados polo das caixas son os amigos do Sr. Caballero.

SR. LÓPEZ FONT: O alcalde de Vigo no exercicio da súa función coma tal non ten amigos, Sr. Figueroa, esa é unha foto institucional como tantas outras, pero os que fixeron a lei foron vostedes. Comezarei polo final.

Falou dunha serie de persoas que recorreron a D. Luciano Parejo, pero se lle esqueceu engadir tamén a D^a Corina Porro porque hai un Decreto do 15 de marzo de 2006 polo que o goberno da Sra. Porro recorreu a D. Luciano Parejo para lle encargar un estudo xurídico por un procedemento abreviado relacionado co cesamento da daquela interventora deste Concello; non lembra isto, Sr. Figueroa? Que pasa, que aquí non se facían informes "á carta" e agora si? Escoitalo a vostede discutir sobre o Sr. Parejo ou discutir xuridicamente cos técnicos deste Concello é certamente lamentable.

A documentación que temos desmonta toda a súa teoría. Temos aquí uns informes que se deben respectar. Vostede fai moitas preguntas pero non responde ao que realmente debe. Todos sabemos que na Declaración de Soutomaior se lle daba o 47% á cidade de Vigo, como tamén que na proposta veciñal que asinou a Sra. Porro tamén aparecía o 47%. Como se atreve a dicir aquí que o Sr. Núñez Feijóo cumpriu cos seus compromisos electorais? Claro que a vostede lle vale calquera lei, vostede baixo o paraugas de que o Sr. Núñez Feijóo levou unha lei ao Parlamento entende

que se lle podería facer a Vigo o que quixeran.

Coa súa colaboración o que o Sr. Núñez Feijóo fixo á cidade de Vigo foi aprobar esta lei e vostede é responsable, porque a realidade é que Vigo representa a un 61% e vostedes trazaron unha liña igual para todos cunha sobre-representación de todos os concellos. A documentación tamén lla podo dar eu á prensa e tamén a vostede.

Sr. Figueroa, como ousa discutir neste Pleno sobre que é a asemblea e cales son as capacidade de decisión da Xunta de Goberno? Porque no seu Preámbulo o di a propia lei e voulo ler textualmente: “Se lle concede un peso especial á Xunta de Goberno metropolitana”.

É unha gran mentira, Sr. Figueroa, porque non se pode dicir que Vigo ten o 47% na asemblea porque é mentira, téñena os partidos políticos que estamos representando a este Concello, pero non a ten o goberno e Vigo na Área Metropolitana representa o 61%. Pero o tremendo paradoxo é que cando se trata de aboar gastos de financiamento Vigo paga polo 61%, pero cando se trata de decidir no goberno Vigo ten o 7% de representación gracias a vostedes. A vostede isto parécelle certamente ben.

Se non teñen importancia as porcentaxes é moi fácil: propóñalle ao Sr. Núñez Feijóo que nos dea o 47%. Se non ten importancia o número de deputados que temos no parlamento estatal vostedes ou nós, deixen gobernar ao Sr. Rubalcaba e todos tan ben.

Sr. Figueroa, en teoría constitucionalista hai un presidente de goberno, un parlamento e un goberno ao que se lle chama “executivo”. Vostedes fixeron o mesmo con esta Lei de Área Metropolitana.

Esta non é unha batalla política, isto é unha agresión a esta cidade e cando hai unha batalla é porque alguén se sente agredido. O que fixo o Partido Popular co beneplácito e consentimento de vostedes foi sinxelamente vender á cidade Vigo.

Insístolles en que o Tribunal Constitucional é unha garantía para os vigueses e para os españois e debe ser así porque vostedes cando se senten agredidos pola lei de matrimonios de persoas do mesmo sexo, pola do aborto ou por outras, van correndo cara o Tribunal Constitucional.

Vostede aquí, como líder do seu grupo, di que defendía a Vigo. Pois hoxe non vai defender a Vigo, Sr. Figueroa, porque a diferenza entre políticos como o alcalde desta cidade e vostede, é que o alcalde desta cidade foi ministro e tamén fillo

adoptivo doutras cidades, tivo recoñecementos doutras cidades polo labor que realizou dende o goberno. Vostedes, que nin no Congreso de Sevilla lles dan un oco para estar na executiva, nunca van ter eses recoñecementos.

Se está tan de acordo coa Declaración de Soutomaior, coa proposta veciñal e co compromiso que tiña o Sr. Núñez Feijóo, é todo moi sinxelo: Xunta de Goberno, peso para a cidade de Vigo do 47% e rematamos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Aquí hai dúas cousas que quedaron moi claras, o problema fundamental da Área Metropolitana e ver en primeiro lugar quen é máis amigo ou amiga do Sr. Parejo e en segundo lugar o problema é quen ten máis poder. Díxeno ao principio porque non fai falla chegar a este Pleno para escoitar cales son realmente os fundamentos de que uns e outros estean na constante liorta política sobre este tema.

O Sr. Figueroa acaba de dicir claramente que o Sr. Núñez Feijóo non fixo máis ca cumprir un compromiso electoral. Efectivamente o Sr. Núñez Feijóo tiña o compromiso electoral de facer unha lei de área metropolitana e así a fixo, pero deu exactamente igual como.

No fondo nin vostedes, nin o PSOE queren eliminar o peso das deputacións, non queren, señores do Partido Popular, perder o poder que teñen para poder seguir utilizando as prácticas caciquís que utilizan nas deputacións para favorecer aos seus. Non queren iso e ademais xa o dixo o Sr. Rajoy.

Sr. Figueroa, o Bloque Nacionalista Galego ten resoltos os seus problemas e nesta cidade cos votos do Bloque Nacionalista Galego non vai gobernar a dereita do Sr. Rajoy nin a do Sr. Feijóo que recorta dereitos aos traballadores, que grava ás clases máis populares e ademais privatiza servizos e está a facer unhas políticas de absoluto machaque das clases menos favorecidas. Ese problema, Sr. Figueroa, témolo resolto dende hai moito tempo. Cos nosos votos esta dereita non vai gobernar nesta cidade. Pero iso tampouco quere dicir que o Sr. Caballero estea aí porque nós queiramos, está aí porque a cidadanía de Vigo afortunadamente non lles deu a maioría absoluta a todos vostedes. Nese sentido os problemas do BNG témolos ben resoltos e imos traballar para que tamén na Xunta de Galicia haxa outro goberno que estea máis preto da cidadanía e que non se venda aos grandes mercados nin aos bancos, nin ás clases máis podentes. Ese problema témolo ben

resolto.

A Declaración de Soutomaior é un exemplo claro de que uns e outros agora están única e exclusivamente preocupados por veren quen ten máis poder ou como rifaren politicamente co outro. Sr. López Font, ten razón porque nesta Declaración os señores do Partido Popular aceptaban o voto ponderado na Comisión de Goberno, ata aceptábao o Sr. Fraga quen precisamente era proclive a este pronunciamento.

Pero tamén é certo, señores do Partido Socialista que nesta Declaración vostedes tamén aceptaban que o presidente da Área Metropolitana fose elixido polo Consello metropolitano e vostedes levaron non sei cantos meses cunha batalla para que o presidente fose, porque si, o propio alcalde desta cidade. Uns e outros desdicíronse totalmente do que noutro momento se enmarcaba como un camiño a seguir e iso porque daquela había un líder nesta cidade que se fartou de reunirse con todos e cada un dos alcaldes. Cantas veces se reuniron vostedes, Sr. Caballero e Sr. Figueroa, cos alcaldes que conforman a Área Metropolitana? Ou cantas veces viñeron o Sr. Rueda ou o Sr. Núñez Feijóo falar con estes alcaldes? Falouse acotío cos alcaldes, co presidente da Xunta, falouse cos directores xerais.

Fíxose un traballo de consenso e unha área cunhas competencias que daquela, no ano 2003, o propio secretario que hoxe tamén firma este informe que temos dicía: “Nunha primeira reflexión entendemos que as competencias relacionadas, algunhas delas compartidas cos concellos, son ambiciosas e amplas, sen que iso supoña a creba dos principios de garantía institucional e autonomía municipal recollidos na Constitución”. Isto dise no 2003 cun proxecto da Declaración de Soutomaior que o mesmo secretario, de quen acreditamos na súa solvencia profesional, dicía que eran moitas competencias ambiciosas e que non tiñan ningún problema nin en canto á autonomía local nin pola súa constitucionalidade.

A batalla do BNG cos seus tres votos vai ser modificar a Área Metropolitana, nas outras batallas sigan vostedes inmersos.

SR. FIGUEROA VILA: O Partido Socialista reflectiu perfectamente a súa situación porque aínda non entenden que están en minoría e que o 47% dos votos que representan a Vigo é de toda a Corporación, non é nin do Sr. Caballero nin do Partido Socialista. A ver se se decatan de que non teñen maioría nesta Corporación.

Repítolles que o Sr. Caballero é alcalde porque o Sr. Domínguez Olveira e o Bloque Nacionalista Galego lle prestaron os votos. Esa é a primeira conclusión que sacamos.

A vostedes non lles preocupa o obxectivo fundamental polo que se constitúe a Área Metropolitana que é o de mellorar e abaratar servizos, para que non haxa duplicidades, para xestionar mellor e non para facer política e gobernar dende aí, senón para xestionar mellor os servizos básicos que precisan todos os veciños e veciñas.

Pero con servizos básicos coma o da auga, o que fan vostedes é unha ampliación do contrato. É dicir, se queren estar na Área cortan a posibilidade de facer un contrato mancomunado. En canto ao lixo, que é tamén un servizo básico que se pode xestionar dende a Área, cambian o contrato ao concesionario. Do transporte metropolitano non queren saber absolutamente nada pero non só iso, senón que xa teñen o borrador da próxima modificación do contrato con VITRASA.

O que están facendo vostedes é imposibilitar que se poida facer xestión dende a Área Metropolitana. En definitiva, o que queren é un enfrontamento coa Xunta de Galicia, co presidente Feijóo e coas demais institucións; é o único que lles preocupa a vostedes. Non lles preocupa a Área para facer xestión e mellorar os servizos, iso queda nun segundo termo e con isto están prexudicando claramente á cidadanía, dinamitando a Vigo e enfrontando a Vigo. Non queren que os investimentos doutras institucións calen na cidadanía e cheguen a esta cidade. Están boicoteando o hospital, o transporte metropolitano, a cidade da xustiza, a biblioteca do Estado... Están boicoteando absolutamente todo e non queren que a Xunta de Galicia invista nin cumpra os seus compromisos con esta cidade. Ese é o gran problema.

Pero si imos seguir traballando na dirección de que a Área Metropolitana se conforme.

Certo que estes días eu fixen unha crítica porque me molestou moito o informe do secretario, é certo e non o escondo porque non teño ningún problema en dicilo. Moléstame o informe do secretario porque cuestiona que a Xunta de Galicia teña competencias para crear áreas metropolitanas, pero eu lle teño que facer unha pregunta en voz alta; entón que facía el cando era secretario da Comisión de Secretarios? Non se pode estar dicindo dúas cousas. A min paréceme ben todo o demais que di pero, como pode cuestionar que a Xunta de Galicia poida ter

competencias para crear áreas metropolitanas? Non se pode facer porque volvemos quince anos atrás.

Por que iso mesmo non se dixo no ano 99 na Declaración de Soutomaior? Por que agora se cuestiona tamén a titularidade e o desembolso económico por Eiras e Zamáns se iso está superado dende hai moitos anos? Por que se di tamén que Fornelos de Montes e Pazos de Borbén non deben estar dentro da Área cando que estea Fornelos é o que ten máis sentido porque no seu día tiña a titularidade de Eiras que é de onde se subministra a auga? Como non vai ter sentido que Fornelos de Montes participe da Área Metropolitana se resulta que dende aí é de onde ven a auga dende sempre?

O problema é que non queren a Área Metropolitana, que teñen outros intereses, do tipo que sexa, partidistas, persoais, políticos... Como non queren a Área Metropolitana están enredando acotío intentando buscar argumentacións. Primeiro a presidencia, despois a proporcionalidade, agora a constitucionalidade, etc., e de resolver estes temas, traerán outra argumentación máis para descualificar a Área Metropolitana.

Nós temos claro que os inimigos de Vigo son vostedes que non nosoutros porque non queren que esta cidade creza. Esta cidade non crece única e exclusivamente con beirarrúas; crece con outros sectores estratéxicos e apoiándose. A Área Metropolitana daría un servizo básico e fundamental aos concellos para xestionar mellor, para abaratar custos, para que non houbera dobreces e para que os veciños e veciñas tivesen un servizo máis barato.

Por que fan a ampliación do contrato da auga se saben que se poden abaratar os recibos da auga de cada un dos veciños, se saben que non se factura por consumo real, por que non o fan? Porque non lles peta.

SR. LÓPEZ FONT: Menos mal que quen decide, quen apoia, quen defende esta cidade e quen son os seus inimigos son electores. Hai un ano os electores decidiron e vostedes seguen estando aí os trece concelleiros e o noso grupo municipal co alcalde á cabeza conseguiu incrementar o seu número en dous concelleiros e cunha aceptación de todas as políticas sociais, Sr. Figueroa, porque non só é defender a esta cidade con rúas, senón con política social e de emprego. Vostedes boicotean aquí permanentemente estas políticas.

A min tamén me molestou a súa crítica ao secretario deste Pleno, como lle molestou tamén ao Comité de Empresa e parece mentira que vostede que leva vinte e cinco anos non saiba cales son os cometidos dun secretario nunha Consellería porque, Sr. Figueroa, informa sobre o que afecta á súa consellería e non sobre o conxunto da lei. Polo tanto vostede segue nas mesmas sen contestar ao que eu lle preguntei.

Vostedes romperon o consenso na Área Metropolitana, enganaron a esta cidade porque lle entregaron ao alcalde un borrador onde aparecía o 47% de representación e agora anuncia que vai votar que non a un informe xurídico desta casa, dun secretario que merece todos os respectos cando se está no goberno e cando se está na oposición e que di que hai quince preceptos inconstitucionais.

Sr. Figueroa, a defensa da cidade non se fai con mocións, senón estritamente respectando a constitucionalidade, como vostedes tentan respectala con outras leis a nivel estatal.

A historia xulgarao. Levará vinte e cinco anos de concelleiro pero evidentemente que co voto que hoxe vai emitir está traizoando a esta cidade.

Dígolle novamente que vostede é un inimigo desta cidade porque non lle está dando a oportunidade de que o Tribunal Constitucional decida. Eu sei por que é todo isto, Sr. Figueroa, porque vostedes están a obedecer ao Sr. Núñez Feijóo, porque vostede quere ser candidato e é capaz de vender a esta cidade polos seus intereses persoais. Si, Sr. Figueroa, dígollo así e polo tanto reflexione sobre isto.

Remato como comecei: Vigo non paga a traidores e vostedes traizoaron unha vez a esta cidade. Pero dígolle tamén que o lema desta cidade, como vostede ben sabe, é "Fiel, leal e valorosa". Non ensucien este lema, non sexan infieis, non sexan covardes e sexan valorosos fronte a Núñez Feijóo que o único que pretende, Sr. Figueroa, é traizoar e gobernar esta cidade. Vostedes un día nos despachos de Santiago decidiron gobernar esta cidade dende fóra, pero os vigueses non o van consentir.

A PRESIDENCIA: Rematado o debate procederemos á votación. Houbo un voto telemático da concelleira, Sra. Silva Rego, por razóns de enfermidade que obra en poder do secretario.

SR. FIGUEROA VILA: En primeiro lugar queremos desexarlle á Sra. Silva que se recupere o máis axiña posible. Sr. Secretario, gustaríanos saber o que imos votar e coma o imos facer.

A PRESIDENCIA: Como imos votar o decido eu. Votarase como se vota nos Plenos. Hai un voto telemático; o secretario, como máximo representante da legalidade deste Concello, fixo un estudo sobre as posibilidades de voto, chegou a unha conclusión e aplicouna. Se vostede ten algo en contra diso pode recorrer polas vías axeitadas.

De todos os xeitos o secretario informarlle. Non vai haber ningún debate sobre este asunto.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, é que teño tres escritos das últimas doce horas e quero saber cal é o valedoiro.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o secretario infórmalle.

SR. SECRETARIO DO PLENO: En referencia aos votos telemáticos, o Regulamento orgánico municipal recólleo no artigo 76, como vostede ben sabe.

O día 10 de xullo o alcalde emitiu unha resolución autorizando o voto de D^a M^a Carmen Silva Rego mediante vídeo-conferencia.

Como vostede tamén sabe o estado de saúde da concelleira, Sra. Silva, recomendou o seu traslado a Madrid e como consecuencia deste traslado o alcalde un día despois, o día 11, ditou outra resolución autorizando o voto da concelleira Sra. Silva telematicamente. Iso é o que se lle trasladou aos tres grupos municipais: as dúas resolucións que ademais están no expediente, unha é autorizando o voto mediante vídeo-conferencia e a outra autorizando o voto telemático. Todo iso invocando a lexislación analóxica aplicable como se di na propia resolución, que é o Regulamento do Congreso dos Deputados.

A PRESIDENCIA: Aclarada esta cuestión, procedemos á votación de “Inicio do conflito en defensa da autonomía local contra determinados preceptos da Lei 4/2012, do 12 de abril de Área Metropolitana de Vigo.

SR. SECRETARIO DO PLENO: Existe no expediente o voto telemático de D^a M^a Carmen Silva Rego, emitido con sinatura dixital e verificado a través dunha dilixencia miña na que fago constar que a concelleira tivo acceso ao expediente coa proposta de acordo, que o mesmo consta na intranet municipal e, mediante o certificado da sinatura dixital da Fábrica Nacional de Moneda y Timbre, procedeu ao voto telemático da dita proposta, voto que se emitiu no sentido favorable á mesma.

A Presidencia informa ao Pleno que no expediente consta o voto favorable á proposta de acordo da concelleira dona M^a del Carmen Silva Rego, emitido telematicamente ás dezasete horas e corenta minutos do día 11 de xullo de 2012. A Presidencia anuncia que este voto acumularase ao resultado das votacións presenciais a realizar.

VOTACIÓN E ACORDO: Con once (11) votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego (voto telemático) e a Presidencia, tres (3) abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece (13) votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, o Pleno do Concello de Vigo, adóptase o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a proposta formulada polo secretario xeral do Pleno que se transcribe nos antecedentes deste acordo, de interposición de conflito en defensa da autonomía local fronte a determinados preceptos da Lei 4/2012, do 2 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, ao non se ter acadado a maioría absoluta esixida no artigo 75.ter.2, da Lei 2/1979, do 2 de abril, Orgánica do Tribunal Constitucional.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Realizado o escrutinio, queda rexeitado o inicio do conflito en defensa da autonomía local da cidade de Vigo por once votos a favor, trece en contra e tres abstencións. Dado que o inicio deste recurso requiría de maioría absoluta, o recurso non se pode iniciar.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e dezaseis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.